

nós.



NUM. 6

20 Agosto de 1921

NÓS

BOLETÍN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICAÇÕES «NÓS»

DIRETOR:
Vicente Risco

GERENTE:
Arturo Noguero

REDAUTOR-CHefe:

Xavier Prado (Lameiro)

SEGREDARIO DA REDAUCIÓN:

Xulio Gallego

REDAUTORES:

Ramón Cabanillas, Alfonso R. Castelao, Antón Losada Diéguez, Ramón Otero Pedrayo,
Florentino L. Cuevillas, Leuter González Salgado

COLABORADORES:

Teixeira de Pascoaes, Johan Viqueira, Philéas Lebesgue, Leonardo Rodríguez, Antón Villar
Ponte, Wenceslao Fernández Flórez, Xaime Quintanilla, Antón Noriega Varela, Gonzalo
Abente, Manoel Banet Pontela, Lois Peña Novo, Eladio Rodríguez González, Ernesto Rivera,
Marqués de Figueroa, Antón Palacios, Leonardo Coimbra, Amador Villar, Alvaro Cebreiro,
Alexandre de Córdova, J. Cervaens Rodríguez, Xulio A. Cuevillas, Victoriano Taibo, Xulio
Prieto, Xosé Fernández Martínez, Farruco Lamas, etc., etc.

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN

Padre Feixóo, 12

ABONAMENTO

Doce números, na Península. 6 ptas.

» Fora. 15 »

Número sóto, 60 cts. na Península, 1'50 ptas. fóra

Iste boletín non publica mais orixinais que os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. — Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, non sendo des que por non iren firmados, enténdense que son da Redacción.

SUMARIO

Os meus versos. — *Ansiedade*, por ALEXANDRE DE CORDOVA.

Lembranza, por RAMÓN VILLAR PONTE.

Do Padre Feixóo, por PRIMITIVO R. SANJURJO.

Sección Pedagógica, por VICENTE RISCO.

Archivo filológico e etnográfico de Galicia.

A muller galega, por FRANCISCA HERRERA E GARRIDO.

Do noso tempo, por FLORENTINO L. CUEVILLAS.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a REDAUCIÓN.

Libros.

Revistas e xornais.

Fóra de texto: Dibujo, por CASTELAO.

MANUEL SEOANE

AXENCIA DE FERROCARRILES

Madeiras labradas de todas clases

:- :-

Mércanse APEAS pra minas

Ponte Mayor - OURENSE

SAMANIEGO ♦ FOTÓGRAFO DE MODA

Luis Espada, núm. 13 - OURENSE

SERANTES E COMPAÑÍA

FARIÑAS E COLONIÁS

Ponte Mayor y - Ourense

Gran Café "ROYALTY," ♦ BÓ SERVIZO DE CAFÉ E LICORES DAS MILLORES CLASES

Depósito da excelente Sidra "REINA DE ASTURIAS,"

PRECIOS BAIXOS POR PARTIDAS DENDE CINCO CAIXAS ADIANTE

NEUMATICOS "MICHELÍN," SEMPRE ACABADOS DE FABRICARE

GASOLINA • LUBRIFICANTES

Depósito oficial: ALFONSO ABEIJON - Ponte Mayor (Ourense)

LOS CHICOS ♦ **Tecidos-Novedás**
PRECIO FIXO

Paz Nova, núm. 1 - Ourense

LUIS GALLEGU-Procuroador

DASE PRESA NO DESPACHO DE TODA CRAS D'ASUNTOS

LUIS ESPADA, NÚMERO 9.-OURENSE

NÓS

GRAN "HOTEL MIÑO," OURENSE

O ÚNECO DA CAPITAL CON CALEFAUCIÓN CENTRAL
AMPLIAS HABITACIÓNS :: COARTOS DE BAÑO
PENSIÓN COMPRETA DENDE 12 A 60 PESETAS

Propietario: ANDRÉS PERILLE :: Teléfono 21

Merquen: PLUMEIROS DE RAFIA "PERILLE,"

OS DE MAIS DURA, OS QUE MILLOR LIMPAN, OS MAIS ECONÓMICOS

BOAS UTILIDÁS OS REVENDEDORES

FABRICANTE

ANDRÉS PERILLE

OURENSE (España)

Clave A. B. C., 5.ª edición

REPERSENTANTE N - A ARXENTINA

JOSÉ MARTÍN

Calle Venezuela, 996

BUENOS AIRES

Casa "PERILLE,"

FERRETERIA :: LOUZA :: CRISTAL

MOEBLES ECONOMEÇOS E DE LUXO

FRABICACION DE COLCHOS PATENTADOS

Vostede pode montal-a sua casa con solo visitar iste establecimiento, obtendo o maximum d' economía.

Paz Nóvoa, 9 - OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA, ÓRGÃO
DA SOCIEDADE GALEGA DE PUBLICAÇÕES "NÓS,"

Ano II

Ourense 20 de Agosto 1921

Núm. 6

OS MEUS VERSOS

*Curvado sobre o peito como flor,
Que á sombra estiolasse... eu fico a vér
Se encontro um grande verso, pra dizer
A graça espiritual do nosso amor.*

*Assim curvado, em íntimo fervor,
Eu régo ás Coisas soubos e desejos,
E memoro os teus lábios e os meus beijos,
E os seios teus arfando de Temor...*

*Então tu vens de manso e pões-te a lér
Os versos — onde ha a ansia de morrer
Beijando a tua boca de paixão!*

*Fitas-me triste... e numa voz suave,
— Que é aroma de flôr ou canto d' ave —
Ainda perguntas, linda, pra quem são!*

ANSIEDADE

*Esta enorme ansiedade de te vér,
Que tão longo me faz o tempo brêve...
Esta sede indizível de querer
Nos meus braços febris teu Corpo leve...*

*Esta sede que sinto de dizer
Quanto amor o teu grande amor me deve...
E em teus redondos seios de mulher
Cantar, um beijo, o sonho que se teve...*

*Leva-me a errar pelas estradas fóra,
Absorto na grandeza d' essa Hora
Em que, mais uma vez, nos abracemos!*

*E na altura febril do meu Desejo
Recordo a nossa vida, beijo a beijo...
— A Vida ardente, que já nós vivemos!*

ALEXANDRE DE CORDOVA

Porto.

LEMBRANZA

ELEXÍA DO BON IRLANDÉS

A tempestade brúa encol da illa verde. As árbores mais outivas, as mais lanzaes andan a caeren apouvigadas pol-o furacán. Da terra veciña, da illa soberba e borreante—estaño e carbón—saíen, cal d'un Olimpo n=ela afin-cado, labaradas súpetas qu'en sí levan a morte. E un tras outro, os escolleitos, os esgrevios, son deitados por un sopro que, enxoitando, mata.

Chan doado pr'ó medrare xúrdio das prantas escolleitas. Unha soma malfadada impide aquíl medrare. E da soma veñen os ventos traizoeiros qu'enxoitan, trocando o xurdio en serodio, faguendo do chan doado, chan de morte e de ruiñas.

E a illa verde—nova nao d'ilusións buscadora d'outro vellocino superiore ó da ténda dourada—sinte que nos seus cimentos xermola algo que tende a sere quilla, e que nas suas veiradas xurden como longos remos. ¡A illa necesita navegare, seguire a ruta dourada qu'os bardos lle trazaron! ¡Sinte que, pra vivire a sua vida, percisa arredárese da soma, esolagándose n=un oceano de brétemas peneiradoras da firente luz solar! ¡Oh a ruta que leva en dereitura ó tempro, á vida!

Erín enteira anda a chorare o aburamento murchador das suas prantas mais vizosas. Mail-o murmurio non é de tristura e pena. E d'agradescimento. Erín, reconescida, ergue os ollos merescedores da gabanza homérica e salaia oraciós de gratitude.

O murmurio salaiente da terra verde rube até o mais outo. O bon Deus acólleo, paternal, como incenso d'ofrenda. Os escolleitos, os lanzaes acougan á destra do Eterno. Eran froles mañas, delicadas, prantas merescedoras do xardín paradisiaco, e Deus, omnisciente, recolleunos pra gala e adobío dos seus agros d'eternal primaveira.

E por iso Erín—a terra escolleita dos santos e dos heróis—sen tristuras, con serenidá, dí ateigada de gratitude: «Eles eran prantas escolleitas e pra que se non murcharan, podendo vivire n=eternidade de séculos, Vós, Siñore, puxécheos ó acochamento da tempestade...»

RAMÓN VILLAR PONTE

DO PADRE FEIXÓO

(CAPÍTULO XIII DAS «ESCENAS DE GIGANTOMAQUIA»)



CABARAN as Vís-
poras de Santiago
Apóstol no coro
do Mosteiro dos
Frades Benedicti-
nos, y-o sabio Frai
Benito Xerónimo
Feixóo, que tiña
grande privilexo
pra usar da súa
liberdade en pago
ó fondo dos seus
coñecementos y-á
sua sona ben ga-

nada d' ilustre polígrafo, honra e gloria da sua Orde e das Hespañas, ficou na súa silla do coro, metido a pensar n-un fato de cuestiós das qu' andan y-andiveron pol-o mundo faguendo elsmar os nobres entendimentos e qu' il traducía logo en fartas inquisiciós de problemas pranteados c' aquil seu razonar tan xusto e tan ó xeito da cencia do día, da que il era moi gustante, pondo n-os seus ditos toda a sobriedade y-a gracia, y-ás veces un escenticismo e ironía qu' os maliciosos y-os iforantes decían alcontrarse, ás veces, ó pé mismo da Enciclopedia. E nas súas sabias meditaciós, e contemplando fixamente a derradeira luz dourada do serán que se filtraba pol-o rosetón do ábside da eirexa, iba pouquiñ-a pouco sumíndose n-un lixeirísimo sono, y-os últimos resprandores da luz faguían destacal-o seu perfil case epicúreo y-o seu sorriso algo somellante ó d' Erasmo, y-as rosas das suas meixelas brillaban alumeadas por unha suave expansión do delicioso licor benedictino.

O templo achábase completamente soílo, y-ó querer sen querer pechal-os ollos pra s' entregar ó doce repouso, viu apenas no cabeceo da sua fatiga coma e-o derradeiro raio do sol que morría lucente no rosetón, viña enfiada cara il unha flecha moi longa, branca com' a neve, e que randa, lixeira e graciosa, foise cravar directamente no seu sayal. Miron pra todol-os lados, decatándose de que s' atopaba soílo e que somentes por unha das rotas vidreiras do rosetón poidera haber entrado. Colleuna con moita

curiosidade e viu que servía pr' escribir, mais non era de galo, nin de ningunha ave de curral, nin paxaro coñecido.

Atopábase n-esta perplexidade, cando na eirexa ouviuse troupelear no enlousado algo somellante a un trote de cabalos, os qu' en efento apareceron, en número de dous, faguendo tremar as madeiras ó entraren no coro pol-o lugar das Dinidades, e indo dirixidos por dous fermosos xinetes que se plantaron fixos e inmóviles ós dous lados da silla do Prior.

Mais o sabio xa non ría, porque no seu asombro comprendera que s' alcontraban diante d' il dous fermosos Centauros somellantes a duas estautas arrincadas d' un museo, e que, eli no meio da eirexa e do coro, ond' as carautas dos sitiás deixaban espaxado no ar o seu esprito, aquelas estautas axeitábanse d' unha maneira tan artística, que pra si as quixeran os Panteós do Renacemento italiano.

O home creu pimeiro que soñaba; pro a realidade fagúalle abril-os ollos diante da flecha cravada, o barullo sentido y-aquela plástica imobilidade; pasou logo a mau pol-a sua tersa frente, e coidon na sua turbación, si cecais o licor benedictino podería faguer aquiles efentos tan extraordinarios, ou s' algunha especie vida das Indias teríase misturado trabucadamente na sua confección. Mais a flecha eli estaba presente denunciándolle un acontecemento insólito na sua vida. E logo, co-a sereidade do home d' estudos e de reflexión, pensou n-as visiós de San Antonio Abade n-a Tebalda misteriosa; pro arredou esta idea, porqu' apesares de ser un home de tempranza, era tamén un home do gran mundo das Letras. E xa mirando cara a cara ó feito, puxo n-il todol-os seus ollos y-o seu esprito, regalándose moi gostoso n-o espentáculo que il' era dado presenciar. E lembrando episodios da Estoría da Eirexa, véuselle á imaxinación o privilexo de Costantino de poder entrar a cabalo n-a Sagrada Basílica, y-aquil outro de Calromagno, cando tamén entrou ecuestremente en San Xoan de Letrán certa noite de Natal, cousas que pol-o demáis fixo Almanzor, sen privilexo en Santiago de Compostela.

Un dos Centauros levaba flechas, y-o outro

non, e de pronto, rompendo a monotonia da escea, berrou o máis vello:

—Vimos eiquí pol-a tua crebada inspiración. Somos no Ceo, os ánecos representantes d' unha raza remota e xa perdida, d' unha raza mista d' homes e de cabalos que fixo valentes fazañas moito tempo atrás do que sinalan as estorias; fomos unha raza criada así pol-a lei da evolución humana coma foron os homes-paxaros que retratou Aristófanes, coma foron os homes aados de Platón, coma foron os homes-peixes, fillos d' Oannes que deron leis n-a Mesopotamia prearcaica, coma foron os homes-tortugas, o Matsyávatara dos Indios, coma foron os homes-monos do Ramayana, coma foron...

O P. Feixóo ó escoitar o troupel de frases d' aquela presentación estraña, il, que nada tiña de místico, ocurriúselle tomar unha autitude suprema, e fixo o sinal da cruz, co-a que levaba n-os hábitos. Mais o Centauro saxitario ergueu máis a vos com' un estremecemento das edades, e dixo:

—Non pode ise sinal conóscelo, porque é da núa mesma natureza; esa cruz é universal e coñecida de todol-os pobos da Antigüidade máis vella; esa cruz vai con todos, está con todos e non se pode empregar contra ningún, porqu' a levamos n-a y-alma os homes, as bestas y-os dioses, y-en nós é dobre, porque pertence ó humano que temos y-ó cuadrúpedo que se nos xunta. Todol-os seres de que falei y-outros de que non falo por medo de penetrar n-o claustro materno da humanidade, existiron por miles de séculos. Vós, e toda a estoria coñecida sodes apenas nados e non sabedes nada de nada. Que sabes tí, home sabio, dos segredos desinios da Intelixencia Única? Non admitides que Nabucodonosor foi transformado en besta? Pois, por qué as máis vellas razas non poideron ser trocadas en monstros pol-os seus pecados? Quén che dí qu' esto non poda ser n-a orde da diviña sabencia? Quen-o pode negar tamén n-a orde da evolución humana, cando o feto, denantes de ser neno, pasa por todol-os estados d' animas terrestres n-as suas ordes respetivas? Quen poderá dudar de qu' esto non sexa un atavismo do antigo, coma foron os homes chamados *monstrum* e *prodigium* pol-o vello Direito Romano? Quen che dí cales foron as difrentes e variadas combinacións que Dios inspirou á Natureza, pra poder formar perfecta esta máquina do home nobre? E podendo ser esto así, coma t'estreviches a decir, o mesmo qu' un Voltaire de máis ou menos, que non tiñamos nen tiveramos nunca existencia real, qu' os homes da Tesalia, a primeira vez que viron xente da núa raza, pensa-

ron qu' eran xinetes d' acabalo, e porque nunca tal viran, maxinaron, según tí, que foran Centauros? Qu' idea pensas tí que tiveran os tesalios da perspectiva plástica e da xeometría, pr' ademetiren pol-os seus ollos somellante aúsurdo, iles que levaban en sí coma todol-os pobos ditosos e divinos da Hélada, a xestación d' unha arte armoniosa e non superada? Coma t'estreviches a estampar no teu *Teatro crítico* tales enormidades, e non deches á reflexión o qu' entregaches a un resabio de catolicismo pétreo? Como...?

Mais o P. Feixóo afogábase, esmagado por aquela realidade de xustas retesias, e non sabendo coma responder d' un pulo, e co-a seriedade de xuízo que tiña por costume, a soberbia satánica da súa cogulla, veu saírle ó paso, abrindo máis antr' il y-aquiles seres pantásticos a distancia qu' os arredaba, dixo:

—Os meus escritos non se poden discutir, en virtud do Real decreto do meu Señor El-Rei Don Fernando VI.

Y-entón, o Centauro austral, que por razóns de linaxe non tiña a nobre fala de Quiron, o pai de Melicña, reprimou:

—Si loubas ós Borbós, non és dino da tua sabencia. Tí non comprendiches a ironía que sai das suas narices estórecas, e com' elas adiantan en progresión xeométrica das dinastías, o mesmo qu' os costumes licenciosos, según é sona...

Mais o saxitario Quiron atallouno, e dixo:

—Mira pr' esa pluma que tés cravada n-o sayal, e mira ben que non é da estirpe das que tí empregas. Doucha pra qu' escribas d' eiquí adiante co-la. Arrinqueilla ó Cisne xupiterino. E pluma de grandes poetas e de sabios coma tí. Non está ben qu' escribas con pluma d' ave com' as do galo, que cantou n-a negación de Pedro; esa é pluma de críticos de pouca outura, e máis aínda pra xente de curia, que leva sempre a mentira n-os beizos. E que se non t'esqueza que n-o Ceo hai máis homes d' acabalo qu' os que ves eiquí n-iste istante, e que non está elí soilo o Santo Apóstol que vides de cantar n-as Vísperas d' iste serán.

A escuridade do templo era xa tanta qu' a brancura dos divinos Centauros faguía un raro visaxe de calixeiro de vrau, somellante ó brillo zodiacal das primeiras horas nouturnas n-a quentura da canícula. E un ruído com' un trono y-un trontar armonioso perdeuse bruando, primeiro n-as táboas e logo n-as pedras. Y-o Padre Feixóo vía n-os seus desvanecementos, a brancura do miragre compostelán, n-unha atmósfera

de leenda e d'estoria qu'o tentaba a folleal-os primeiros pergaminos das lingoas romances.

E cando pasou un instante, o frade ergueuse, e marchando aprésa ó refectório, onde xa o agardaban sentados n-a opulenta mesa os seus compañeiros. Entrou co seu sorriso de sempre; ocupou seu sitio, e despois da oración de ritual

antes da cea, ergueu ben outa unha copa de beneditino, e dixo:

— *Gaudeamus tibi Domine.*

PRIMITIVO R. SANJURJO

Fica prohibida a reprodución.

SEICION PEDAGÓXICA

NÓS propónse d' hoxe adiante conceder unha atención sostida e constante ó problema pedagógico na nosa Terra. Conforme ós propósitos que fixeron nacer esta publicación, faremos unha constante propaganda pr' á meirande eficacia educativa e galeguizante das nosas escolas, e procuraremos informar ós nosos lectores das mais recentes novidades pedagóxicas do mundo. Pra elo agardamos a colaboración y axuda de todos os escolares e profesores de todas clases que verdadeiramente amen e comprendan a Galiza.

* *

Plan pedagógico pr' a galeguización d' as escolas ⁽¹⁾

Pró merecente pedagogo y-entusiasta patriota galego Iñacio Ares de Parga.

- I O Edificio escolar.
- II A Escola por dentro.
- III A vida n-a Escola.
- IV O Escolante.
- V Os métodos d' ensino.
- VI O galego n-a Escola.
- VII O ensino das cousas da Terra.

I EDIFICIO ESCOLAR

Ten que xuntar: *Condicións hixiénicas* (que sexa sán), *Condicións pedagóxicas* (que sexa apropiado pr' o seu ouxeto), *Condicións estéticas* e *Condicións educativas* (condicións que dependen das outras, as condicións estéticas sendo de seu educativas).

A) *Condicións hixiénicas*.—Han ser: as xeneras requeridas n-esta clase de edificios, e mais as qu' impón o clima especial da nosa Terra.

Por exemplo: as nosas escolas precisan, pra teren boa luz, flestras mais abertas que nos países do Sul, por mor dos nublados. Non deben

ter terrazas, por mor da humidade e das chuvias qu' obrigan a qu' os tellados deban ser saledizos, os balcós cubertos, etc.

B) *Condicións pedagóxicas*.—N-esto teñen qu' estar ás regras xeneraes dos edificios escolares.

C) *Condicións estéticas*.—A beleza do edificio escolar ten unha fonda importancia educativa. Compre atender mais ben á beleza do que á ostentación. A escola non precisa ser grandiosa, e si o é, por elo pode perder en beleza.

Efectivamente: a beleza d'un edificio proven de dúas cousas: da apropiación pr' o fin qu' ha cumprir, e mais da súa adecuación ó sitio onde está.

A escola non precisa un pazo; despois de todo, coa natureza diante, abonda co escolante, a tiza y-o encerado. A casa-escola non debe desentonar da paisaxe, senon que se debe incorporar a il com' un elemento mais de beleza, de xeito que pareza que naceu elí, e non que é unha cousa postiza.

Debe, pois, com' en Suíza y-en Alemaña, ser feito no estilo do país. Debe aínda tel-a coor do país. A escola galega debe ser unha casa galega, a mais enxebre de todas.

D) *Condicións educativas*.—Compre atender d' un xeito moi especial ó efecto qu' a contemplación da casa-escola ha causar no espírito dos nenos. A escola non debe endexamais sacar os nenos do seu médeo natural.

O neno pol-o tanto non se deb' atopar diante d' un edificio ostentoso, onde somella que l' han dar d' esmola o ensino y-a educación. A escola debe ser cousa familiar ós rapaces, que non choque c' os seus costumes, c' o que están afeitos a ollar na aldea ou na vila: unha casa que imitándose ás casas ond' lles viven, sexa ó tempo mais crara, mais sana, mais leda, mais garimosa, que lles poda servir d' exemplo de curiosidade e de bó goberno, exemplo fátile d' imitaren, xa que lles ha mostrar coma se

(1) Saído d' un traballo inédito, encomendado ó autor pola III Asambreira Nacionalista Galega tida fai pouco en Vigo.

pode vivir con limpeza e comodidade sen ser rico nin ter un pazo fantasioso.

Iste punto é do meirande intrín, n-unha educación galeguista: mal pode esta principiarse coa suxestión esotérica d'un edificio d'estilo estranxeiro—as mais das veces d'unha arquitectura ausurda e d'un gusto detestabel—que leva a maxinación dos nenos lonxe da nosa Terra e da súa tradición, tradición qu'ha sel-a raíz y-a semente do progreso nacional... Ihes edificios esotéricos y-ostentosos, son antigalegos y-antipedagóxicos. Hai ademais qu'evitar ise contraste brusco antr'a casa y-a escola. Todo iso ten unha acción destrutora nos espritos.

Sexa a escola unha casa d'aspeito modesto, pro artístico, e com'en Suiza y-Alemaña, do estilo do país.

II A ESCOLA POR ADENTRO

Os mesmos principios pódense aplicar ó aspecto das salas de clase. Deixamos a un lado, pol-a súa ben coñecida xeneralidade, as condicións hixiénicas e pedagóxicas, pr'atendermos xustamente ós aspectos estético y-educativo.

Pirimeiramente, diremos que compre prescindir de todo o *aparato académico* que lle dá á aula tradicional unha esterioridade de tristura e de friaxe qu'arripia: as horrendas mesas-bancos y-a odiosa tarima do profesore... Fóra todo aspecto oficiñesco e d'inquisición pedagóxica.

Unha sala ampla, crara, limpa e leda. O material d'enseño aparecendo cand'un vaia faguer usanza d'il. O escolante sentado á veira dos rapaces, n-unha cadeira com'a d'elles.

A friaxe das paredes lisas pódese temperar con cadros, ou millor aínda con pinturas murais. Estas pinturas deben ser a un tempo decorativas, istrutivas y-educativas. Deben representar cousas da nosa Terra, suxestivas e ledas, propias pr'erguel-o espírito dos pequenos. Os nenos irán d'iste xeito arreparando en como as cousas qu'o arrodean, son fontes d'inspiración artística e d'ornamento. A Arte amostaralles a beleza das cousas familiares, n-as qu'un pol-o común non arrepara. Poden tamén esas pinturas representar cousas—sempre nosas—qu'o escolante irá pouco a pouco esplicando e revelando á contemplación dos rapaces.

As plantas y-as froles adornando as salas de clase, son un pouco de natureza qu'entra na casa, e non é boa educación a que non fai amar á Natureza... No noso caso, amar á nosa Terra, que é pra nós o resumo e compendio da natureza inteira. Sirven tamén pra estimulalo istinto artístico dos rapaces.

III A VIDA NA ESCOLA

Mais qu'os procedementos direitos d'educación, é a orgaización da vida escolar a qu'aduca, por iso, eiquí, imonos ocupar de toda a misión educativa da escola.

Principio xeneral: Respeito á personalidade dos nenos.—O contanto mais intenso, mais fondo coa natureza—coa santa Terra galega—fonte inesgotabel de saúde física y-espiritual.

Ora, poñamos pirmeiro a

Educación moral e social: O desenvolvemento do carate individual.

O desenvolvemento do carate galego (ético).

Compre partir dos caracteres *hereditarios* pra formármol-os *adquiridos*.

Caracteres hereditarios: *cultural-as virtudes propias da nosa Raza:*

Sereidade de xuízo.

Dureza pr'ó traballo.

Cachaza pra sofril-as penas.

Boa crianza natural.

Prudencia.

Irimos *correxindo os nosos vicios*. D'istes, o que mais nos daña, é sen dúbida a homildeza, o encollimento, iste terse en pouco que nos desarma pr'a loita pol-a vida. Hai que suxeirilles ós nenos a *altivez moral*, que debe sel-a característica de todo galego, a conciencia da nosa dinidade coma persoas e coma galegos.

Caracteres adquiridos: Compre *cultural-as virtudes sociais qu'os galegos temos esquecidas:*

Independenza moral.

Desintrín.

Soberbia (conceito do propio valor, *altivez moral*).

Istinto de so'ldaridade.

En pen-o que se pode: cultivar e faguer xurdir estas virtudes na vida escolar, dexando ós nenos unha grande autonomía, unha ampla liberdade; deixando á súa *iniciativa*, e pol-o tanto á súa *responsabilidade*, unha chea de cousas que se deben deixar.

Elas poden ser: A orgaización, plan e coidado das excursións e paseios.

A orgaización de festas e merendas escolares.

A orgaización dos xogos e deportes.

A intervención no mantimento da disciplina.

O xuzgal-a conduta dos compañeiros. (Tri-bunás escolares).

A dirección de certas clases, como:

Os cantos.

Os traballos manuais.

A xinasia.

Os traballos no xardín.

As esperencias de física.

A confección do material d' ensino.

Todo, naturalmentes, baixo da vixilancia do escolante, pro compre faguerlles collel-o costume de *se valeren por si mesmos* e de *s' axudaren os uns ás outros*.

O sentimento da Terra. Enxebismo y-amor á patria Galega... Isto pertence á educación moral e social, á educación estética, á educación intelectual. O sentimento da Terra ten que ser a base da nosa educación e do noso ensino.

Hai que faguer qu'as primeiras impresións qu'o neno reciba sexan enxebres, qu'a escola sexa un proloogamento do seu ambiente natural galego, qu'estean os nenos o mais tempo posibel en contanto coa Terra, coa meiga paisaxe, faguendo amido excursiós pol-a campia, de tan fondo efecto educativo e istrutivo, pois n-elas todo se pode ensiñar: xeografía, botánica, zooloxía e zootecnia, agricultura, meteoroloxía, astronomía, contos, traballos de mau, hastra se poden pintar co dedo na Terra as primeiras letras...

O escolante descubriralles a beleza incomparable da nosa Terra e diralles com'ela a todos nos cría e nos mantén; xogará coiles os xogos ancestrais, cantará coiles as cántigas da Terra, e cand'estean cansos, contaralles contos, lendas e tradicións do pasado de Galiza.

Hai logo outros médeos indireitos pr'o esperimento do amor á nosa Terra, ós que nos referiremos ó falarmos dos *Métodos d' ensino* e do *Enseño das cousas da Terra*.

A educación física y-os xogos. En primeiro lugar compre qu'a vida escolar sexa o mais móvil que sexa posibel. Non convén ter ós nenos as horas mortas sentados ás mesas, non sendo cando teñan qu' escribir.

O millor sería que nos días que se poidera, a maior parte das clases se dera ó aire, no xardín ou no campo.

A xinasia rítmica e respiratoria, os exercicios hixiénicos graduados non se deben descoiñar, mais débense misturar cos xogos xinásticos naturais dos nenos, os xogos tradicionais y-enxebres, e logo, os deportes formais, anir' os qu'está especialmente recomendado o fútbol. Unhos y-outros xogos deben ser oxeto d' ensino na escola.

Os xogos non sirven somentes pra educación física. Hai xogos xinásticos y-hainos d' outras moitas clases. O xogo, istint vo nos rapaces, é un exercicio preparatorio de todas as actividades do home. En aprobeital-os xogos pr'a educación y-o ensino, vese o mérito do bó escolante. Ora, o folk-lore galego ofércenos un verdadeiro tesouro de xogos educativos, qu'os escolantes deben estudar e coñecer pra aprobeitalos y-aprícalos na escola.

Os cantos escolares. Eiquí, as cántigas da Terra áchanse especialmente recomendadas, e xa se cantan en moitas escolas de Galiza... A pedagogía moderna recomenda os cantos do país.

Cada escola pode formar cos seus alumnos un coro enxebre, hastra co seu pequeno cadro de decramación—coma pode ter un ou mais equipos de fútbol—. Logo podíanse orgaizar concursos de coros e campeonatos escolares, d'un gran efecto pr'a educación artística e pr'o milloramento físico da Raza galega.

VICENTE RISCO

(Seguirá no número que vén)

ARCHIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZIA

(RECOLLIDAS DA TRADICIÓN ORAL EN ALLARIZ, POR PAULINO MARTÍNEZ, DA IRMANDADE DA PALA DA CRUÑA.)

A meiga da miña nai

8. Era unha filla, y-estaba casada n-unha aldea, e cando pasaba, todos lle dicían:

—Ehi vai a filla da meiga.

Y-ela dixo:

—Hei saber si a miña nai é meiga.

Foise á casa da nai, e quixo faguer noite alí, y-a nai díxolle:

—Non, non; vaite, que ch'ha rifar o home.

Enton ela foise esconder á corte das ovellas, porque a nai non quixo que se quedara na casa; y-alá pol-a noite arriba, sintiu un arruído, y-ela subiu y-alecontron as cuncas y-os xerros coa boca pra riba, y-ela púxoos coa boca pra baixo; e logo ven a nai co aceite, viño e mais cousas, quixoas botar nos xerros, pro, com'estaban vol-

cados, ciscou todo pol-o chao, y-enton foi ond' o home e díxolle:

—A tua filla quitoume o vivir de medio ano, pro mañá heille matar o home.

Y-a filla estívoa ouvindo, y-ergueuse moi cedo e foise confesar, e díxolle o cura:

—Mañá máta'll' o home na arada, ás once, en figura d' unha mosca. Ustede cando a vexa vir, fai un risco con iste ramo bendito, e logo métese no medio, e tumba.

Así foi, e logo tocaron a morto, e din os veciños:

—Quen morreu, quen non morreu?

E dixo a filla:

—Foi a meiga da miña nai. (1)

Conto

Era unha nai e tiña unha filla, quíxoas casar e non tiña con quen; y-a nai íbas' á misa, y-así

(1) Nova versión do «Conto de bruxas» publicado no número 2 e recollido en Sarria. Contén variantes moi importantes, apesar do esquemáticamente qu' está contado. Na versión xa publicada non se refería o episodio das cuncas y-os xerros, qu' elquí son a causa do incomodo da nai meiga, que na ouzra incomodábase porque sospeitaba que a filla a descubrira. Na versión de Sarria a filla escolta de propío bico da nai meiga o remedio contr' o meigallo qu' ameazaba ó seu home; elquí é o crego quen lle dá o remedio. No Conto sarriano a filla mataba a mosca fatídica c' unha vara d' *aseleira*—instrumento en Galiza de caxeque todas as operacións de *máxica preta*—

qu' acababa, sempre quedaba sola na Eirexa rezando, y-on día o sacristán vendo que tardaba tanto en salir d' ela, meteuse n-un confesonario por ver o que rezaba, y-enton decía ela:

—Ay, San Sebastián; dem' un xenro!

Y-enton berra o sacristán dend' o confesonario:

—O fillo do sacristán!

Foise a nai á casa e díxoll' á filla:

—Vou ter un xenro, venche ahí o fillo do sacristán.

E logo casáronse, e dáballes moi mala vida e foise a nai á Eirexa outra vez e díxolle ó San Sebastián:

—Ay, San Sebastián, cara d' inferno,

Díes che dé o pago conforme me dech' o xenro!

coma di o Libro de S. Ciprián—; elquí é c' un *verso bendito* dado pol-o crego. Derradeiramente, elquí aparece o *risco* *sáxico*, qu' a filla traza na terra e no que se mete, pra que a mosca enmeigada non lle poda faguer mal; esta precaución elemental nas operacións de *máxica* non se menciona na versión anterior. Iste *risco sáxico* isolador, que ven a ser com' unha muralla contr' o meigallo, pode ser de moi diversas formas, mais o mais común na *máxica* galega, é que vexa ora un simple círculo, ora o *Círculo do Rei Salomón*, qu' é como se sole chamar ó *pentágono* ou *pentalfa*, que cando está cumprido, chámase tamén *zigue do Microcosmo*, do que se fala por exemplo no *Fausto* de Goethe.

De tod' isto deducimos qu' a versión alaricana é unha versión de *máxica branca* y-a versión de Sarria, unha versión de *máxica preta* ou *goética*, do mesmo conto, com' algún día hamos poñer en craro. — V. R.

A MULLER GALEGA



Natureza, naisem-
pre agarimosa pr'
os seus fillos; mais
xusta, porque fi-
xose berce da
xusticia d' un
Deus, siña con fe-
rro a testa do ho-
me, e tórnase ouro
sobr' a da muller:
afirindo así, qu' él
debe loitar, defen-

dendo honras, bens, e aloumiños; e qu' ela ha-
ter (forxadas n-o ouro que lle dona, como
fado de nacencia) unha das suas chaves miste-

reosas, qu' a fan creadora, por segredas leises
diviñas; e por elas responsable do xeito e puli-
mento das suas creaciós.

O ferro, pr' armarse: o ouro, pra se coroni-
zare nai. Cando intentedes faguer un sóyo di-
reito, c' os dereitos dos deus, vede promeiro s' o
home pode ser moralmente, nai: ¡Inda dos nádos
fillos horfos! Buscade muxicas d' amor mater-
nal, n-a y-alma, anque bondosa, áspra, do
varón! Se tal non podedes topar... Deixádel' o
ferro, e acougade, tranquilos, véndoo faguer
co' il espadas, barcos, arados. Deixai qu' incrine
os frós, en sostenemento da cruz que lle queipa,
e faguete da muller, aquela muller santa qu'
enxolto o retablo do Diviño Mártir; a qu' o
seguíu, chorando, e bicon, avalando c' o door,
as chagas dos atrecidos pés, tremos.

Ela é amor! ¡Destrabucádevos, ceguñíños! Ela é moxena desprindida de lumiosos altores. Non-a torzades, que retrasaredes o seu voo. Non nos aqueloutredes tampouco, refaguendo vellos códeques pra prantar n-eles a fror d' unha liberación que non percisa, dendes que Cristo, Nostr' Amo deprendeuna a lér o santo libro das diñidades.

E non coidedes que alberxo n-o meu espirtu, a torta doutrina das negras iforanzas. Sabencia, é luz: e luz e vida mistúranse n-un sóyo feito! D' aquí qu' a muller iforante, abroche en fillos cegos: e non poda curalos en xamais, por si sóya. Supersticiós: ingano, malquerencias: velai as nonzas inxertas n-ise arbre muscho!

Adeprenda a muller, se pode, todo aquilo qu' a convertirá mañán en escolante dos seus fillos; aquilo qu' árrede de cair n-o lamazal, onde coida atopar un codelo, misturado con deshonesturas e bágoas. Adeprenda... ¡Porqu' o necio non pode ser bô: no sabe selo: pro non pra fuxir ás súas santas obrigaciós, tecidas con escumas e arumes de rosa: con curazós de home, e cabelíños louros de anxol!

Sabencia de muller! non degares por abater ó home do seu altar natural: él s' abaixará, tral-a larada do seu fogar, e o mimiño tenro da muller amorosiña: nai: esposa: filla! ¿Quén lle dará fillos?... ¡se tí non sintes! ¿Quén ll' enxoiará as bágoas? ¡se tí non choras!

Ouh muller galega!... Desbota o dengue de tarazona, e mostra ó mundo, ese mundo d' amores, que falche o peito! Fuxe, filliña, da mala praga, porque aprega. Tende as tuas áas por riba d' esa abellariza onde non s' astrucian as avellas a faguer mel, interquinadas e iradas pol-o canto qu' a cada un lle cumpre. Tal semella ise formigueiro de mulleres, adicadas a convertirl-o mundo n-un niño de pntigas! Ben saben os nosos homes, qu' ó tornar do seu traballo, (calesqueira qu' el sea) non lles meterán o fillo n-o colo, porqu' a súa nai percura a elección do seu distrito!... A muller en Galiza; rica ou probe; serva ou sifora; leva o sentimento n-a y-alma: n-a fala: n-os ollos!

E aquí penso: «Pol-a primeira vez da miña vida... quixera eu esquencer que foi Galiza o meu berce: y-esto, soyasmente, e namentres roubo á muller da miña terra o segredo do seu ser! Que torno do meu... cicais diredes! Que m' espello en amores do chán própeo! Non, certamente! ¡Verdade hei de dicir por dúas razóns valedleiras: «Índa por riba do meu amor a o chan, está o meu amor pol-a verdá:» velai a primeira. A segunda é aínda máis sinxela: «Porque non sei dicir mintira».

Algo vin, e lein moito. Algo estudiei, n-o que toca á muller, e moito maxinei, furando a carón de própeos é alleos. E... quedeime sempre con esta mulleriña galega: inda pechand' os beizos á parola «hirman». ¡Ay!... S' as leises arrincan do terruio a os repartidores de xusticia... por- que non se creve a sentencia sagrada, antr' as non menos sagradas liñas qu' amarran pais e fillos... Eu pódovos dar xusticia n-o qu' aquí s' engaduxa. Nada me garda Galiza... ¡Dixen «nada»! E non m' estalou o peito: non me estalou... (n-o faledes a nai!) porqu' en vez de curazón... leva un recordo! Un recordo que vive, latexante; e a igual do mistique, tral-a súa imaxe, leva a miña vida pol-a mau, acou- gándoa, soyo, cand' a repousa. Cruña, n-o teu cimiterio, branco e verde: a igual das escumas que n-el brincan, e as esperas que chaman as súas cruces!

Non torzades o bico, que galega é a muller qu' os fala; e n-a miña terra, soyo descobre a muller a y-alma, cando n-ela non entran os sonroxos... ¿O meu recordo?... ¡Chamouse «nai», cand' o meu curazón vivía! Á par morreron Ela, y-él: amortaxáronos xuntos, e inda síntoo que laya, cando escoito, debuzada n-a terra, os meus bicos derradeiros: os qu' ela xa non me pediu, e quedaron suspensos antre terra e Ceu: suben, cando rezo: baixan, cando soffro: e cobren o seu corpiño morto... ¡Frores d' amor, benede- cidas frores!

...Falabamos da muller galega? Filla, xa a concedes. Soyo a arrincan dos brazos da nai, amor ou morte. ¡Nai!... nai debe ser millor ritratada: pro dinantes: e xa que soyo Deus pode pasar por diante da nai, estudiémol-a muller galega, n-os seus sentimentos reli- xiosos.

Devoción e supersticiós

Non esquezamos que non se trata n-iste pequeno traballo, de cantal-a muller galega, senon de dala a cosocer, n-as súas barils condi- ciós, como n-os seus defectos. Negarillos sería admitil-a perfeución: e... ¿Cádo foi esta frol terreña?

Hay n-o medofiento deixo con qu' as rulas se doen en Galiza: hay n-as grumidas arboredas galegas, según as azouta un trebón de zarabia, ou as bica o aloumíño guieiro do serán, un átimo perdido da eternidá, n-o qu' ela aperta e garda, de sagradas misteriosidás. N-o mais alongado ámpitu do mundo, dan as almas cristiãs un rezo pr' as ánemas congoxosas: ¡ay! pro n-o campo galiciano; cando a campán chama n-o noso curazón, pra que desperte a caridade,

adormixada, oísen as layadas d' isas miserentas almiñas desceibadas: chega ás nosas o bico con qu' os anxos mercan nosa pregaria, depoñendo n-o tormentoso sufrir das afrixidas! Non é medo, non: non é espanecemento, o que crava n-o chan a o correntoso rapaz, e o fai tiral-a monteira, louando ó Diviño Nostr' Amo. Hay n-a rizosa prata dos nosos ríos, cand' o sol a argila e remexe, o vidro d' unha flestra da Groria! E se nosa lñoranza soupera lir n-o universal concerto, nos perdecataríamos das testas variablidads con que n-ista nosa terra benedecida, entóanse louanzas a Deus, por ars, paxaros e froes!

Pois de que culpamos á muller galega, s' a súa superstición, a que lega ós seus fillos non é d' ela! É o tempero da natureza mesma: é o balbordo do mar, bravecido: o layo dolfo do campán: o berro da pega: o bruar das ovellas fuxidas: o chasquido da pintiga sobr' as caídas follas marelas e muschas, é o rechoncheo do merlo, agachado n-o suco da restreval

Non é falta d' ensino, non: tampouco se pode definir por aqueloutramento do cerebro n-a concencia das imaxes. É que sopra sobr' as nosas testas a vafada, fondamente sentida, do sobrenatural. Y-en, c' o fundo da miña cumprida devoción, e o pequecho, mais razonado ensino, que debo a pais e maestros, sinto, ó cruzar un pinar envolto en sombras... o falacio d' isas sombras mesmas, agarimándome, ou a xeiras, poñéndome medo, como s' o curazón batese c' ó bater dos seus arbres: como s' as longas charmelas tecerano e lle deran o sangue das suas veas, e o sentir dos seus sentires!

¡Probe xente montañesa, que vé sobr' os brancos e retortos camiños, o cortexo do seu enterro, sen que n-el falten caixa, cregos nin luces! ... ¡Non falta de fé, non! Antes, afervorar de fé, sen rumbo; e riqueza, ¡muita riqueza imaxinativa! S' a pasar por diante do muro que garda os despoños sagrados dos seus mortos, cea e avala, non acerta c' o sentimento que ll' imprime aquel bimbión: coída qu' as almas sofrentes a chaman, en demanda de restitucións: pro non atina qu' o fervor da súa: o seu degaro de Groria, que quixera vínculo própeo, pra espallalo, repartíndoo con increíbre xenerosidade, firme n-a súa chola, pantasma de nevada brancura, que poidéramos chamar: «Grandezas espirituales d' unha y-alma, atraíndose penas e delores alteos, c' o azo de darlles consolo e remedio». ¡Sempre a fé en abogosa loita c' os apagos fosforescentes do desvario místico, e a sede, alteirosa, de verdades mal concebidas.

Soyo en Galiza, mixtura a muller, proba e

sacrificie; e a demandar a Deus pol-o que mais percisa, dí: «¡Dádeme, Señor, qu' eu corresponderéi, n-a medida das miñas forzas!» Y-esa muller, toparédela mañán, lonxe, moi lonxe do seu fogar: vestindo un santo hábito: luscindo as cunchas, e o vistoso pau da peregrina: correndo montes, e salvando regatos, con sangue n-os pés descalzos, e risas doces n-os beizos, que cantan. A súa nai: o seu fillo, aleáronse do mal que sofrian; y-ela vai cumprir con Nostr' Amo: vai levarlle os crechos buces, que facían da súa testa, unha testa de reina! Ou ben, unha cacholiña: un brazo: unha man, de cera. A pan e auga... oito, dez, vinte légoas!

¡Os acoitados, que non creedes! Védea chegar, cabo á Virxen! Védea bicar, debruzada, os anegrecidos peños do Cristo millagroso! Mirad' os seus ollos asolagados en luz! ¡Vosa vida trocariades pol-o santo dozor da súa sonrisa! Famenta e cansa... ¡Pro ditosa! Erga o dedo aquel de vosoutros que poda berrar outro tanto!

Seus fillos levan, pendurados n-as maucifias, toda crás de contra agoiros; pro seu curazón lles chama «cruces». Por riba das trasnadas do demo, vé a Deus tremando dos fillos d' ela que tamén o son seus! Cicáis con mais muxicas de esprendosa fé, qu' as mulleres de outras rexions, busca; inquire; e furando c' os seus ollos por antr' as estrelas lumiosas, é a través dos nosos árbores, maxestosos e xigantes, rumialle o seu curazón qu' as envexas e os mal-quereres do mundo, percisan contra tósego; e son, n-a nosa vida, a fegura ou filiación do turdio trasno. Todo adquire n-ela: n-os seus sentimentos, un altor, rexo: as suas risas, son música feiteceira: os seus layos de dór, berran, cal se quixesen chegar hastr' as entranas da nai-natureza. As suas supersticións, son, soyo, un desbordamento, que tornaría ó seu leito s' houbese de ser sábeamente estudiado e dirixido por aqueles a quen estes facedillos competen. Tempos houbo en que pra cimentar unha creenza, fundábase unha nova superstición. A cultura do xardiñeiro spritual que tén ó seu cargo istas froes santas, ha leval-o anovo a modifio: porque n-o terreo da súa concencia relixiosa, danse a mán as mais outas creaciós poéticas, c' os pequenos desvarios da avaladiza razón: non s' arrinquen, a un tempo, grau e cizañas, fitando os curazóns lípidos de quentor e d' arumes. N-os seus vellos decires, quedan sempre os argueiros ou sedimentos d' unha santa creenza. Eu sintín brincar as bágoas dend' a cerna do curazón a os ollos, ouvindo istas falas de consolación, dirixidas a unha nai, poucos días dímpos de lle morrer un pequebño:

—Cala, Maripepa, cala! Pensa qu'as tuas bágoas non-o deixan entrar n-o Ceo! Eles primeiro que nós, muller! ¡Eles primeiro que nós! Y-en outra emposta:

—¡Ergue ises mantés, Piluchiña! ¿Non sabes qu' están as ánimas de jionllos, hastra qu' así o fagas?

Sempre a piedade, remexendo n-as suas almas sollosas! Así: e pra especificar o mal xeito d' un enfermido, caxque morrente, topan istas tres parolas lumiosas:

—Está n-a Pasión!

Isas poucas falas, abondarian pra responder ós que negan qu' a léngua de cada rexión, é filla lexítima e única, das almas dos seus habitantes. «¡Está n-a Pasión!» Isas verbas, curtas e sentidas, nascen soyo en Galiza: non s'acrimatarían d'alen: a prenuncialas d'outro xeito, deixarían de ser un amor, envolto n-un asubío de misericórdias: unha istrana xuntanza de lembrances diviños, con dolores humanos.

Dixen qu' a nosa muller apartenía por enteiro ó seu home é os seus fillos? ¿Qué lles daba o curazón posto en dous anacos? Istón a muller da nosa terra, leva dous curazós dentro do peito; porqu' esa mesma esposa-naí, corre, cás d' un seu veciño, e' un feixe d' herbas odoratas, (qu' a coronizan con gallas vizosas), pra lle alear un meniño, esmorecido: e cando no auto de xantar, peta un vello á porta, dille ós seus: «Dalle este cantizo: ¡correi! Lévalle esta cunquiña de caldo quente. Non teñas mayola, cando Deus nos visita. ¡Alabado sea Aquel Santísimo Señor!»

Nas nosas «aldeas» non hay horfos. pódese afirir netamente. Ó derradeiro laído d' unha nai morrente, responde sempre o xeneroso bateamento d' outro curazón de muller: e a nai é reemprazada por unha sua hirmán; sua sobriña; sua veciña; unha istrana, calqueira. Sempre abrocha unha nai, pé d' aquel rapaz, falto de consolación: d' unha bicada d' amor. N-istes casos, abonda qu' a muller galega, mainiña... solermeiramente... dígalle ó seu home:

—E... ¡bueno!... ¿Qué ll' habemos faguer: N-é verdade, tñ? ¡O probiño non ten a nai de n-o mundo! Deus arrede ós nosos, de cair n-o abaxamente d' isas desventuranzas. ¿Non pensas como eu, qu' onde xantan tres, xantan catro? ¡Miña vidiña! ¿Quén terá callo pra o deixar ós corvos!

E o fillo istrano, entra pol-o quinteiro, antr' o choutar algueireiro dos mais rapaces. Co lles parte pan, leite e amor. N-un dos meus vraneos en Oleiros, (un dos mais bizosos curros galegos) puiden atestar este feito, ó meu vagar.

Rosiña, unha rapaceta de cinco ou seis anos, despertou sen nai, un día: escadasí: non podía fuxir do seu vividoiro: quedábanlle *deberes* que cumprir: bolito, velliño, percisaba quen gardase a xubenca: quen alcendese o lume: quen pelara n-as patacas. Rosiña quedouse n-a casa: mais non hoabo alma de muller cristiana que lle non botase mau cando os facedillos iñan mais lonxe qu' as suas probes forzas. ¿Queredes outra proba da suprema grandeza da alma-naí, galega? ¿Quén recolle n-a arquíña, ós fillos «de nai de?» ¿Quén alforxa n-o seu própeo pano a zarabea que alguen deixou cair n-a lameira? ¿Quén enxolta co' il, bágoas estranas, e brinda o seu sangue ó sedento? Aqués que percisades antiolleiras pr' alucar o bñ e a vertude, adiantareivos a responder que tales feitos teñen seu fondo e seu vínculo, n-un mesto intrés. Contra da vosa ideia, afirovos, qu' houbo tempos, en qu' ise intrés chegaba tarde e mal ás maus das novas nais; ¡benedicidas elas! e os crianzos non se resentían d' elo: antes escarapolábanos, e arren dos seus, se criaban, durazos e témoros. «Peladiños a uña» (como dñ, montaña arriba). ¿Cantos d' ises rapaces tornaron á arquíña, cando unha mala administración, furtoulles o seu? ¿Haberá quen diga que se buscaba n-iles unha axuda pra o tempo por vir? Marraríalle a pacencia a quen tantos días contare por diante, dando pan, vestemento e leros, pra recoller, caxque n-a vellez, a volta da esmola! ¿Non será mais sán, e mais xusto, coidar qu' aquelas almas santas poñan un pé no camiño da Gloria, a retornar e' un fillo mais n-o colo: a devolve-la liberación a un opreso: as festas: o pan da y-alma, a un desagarimado! Cantas veces ó morrel-o patrón, quedou a casíña choída, e baixaron a vivir n-a sobeira, mantidos co' as barredallas do pazo! ¡Preguntaille a esa muller, se, soyamente, emerxiu n-a sua testa, o pensamento de trizar un grilón da cadea! O alleiro, sigue sendo fillo: comerán pan de sémia, amasado co' a segunda peneirada do trigo, tan mouro como a sua fada; mais ela tremará da vida, cando teña que convertilo-o seu corpo en aceirada ferramenta, co' a que afuraque a terra, día e noite, en demanda da códea que ha sostelo! Non coidedes por iso, que n-os campos galegos a morte asenórase dos famentos. Isa é, repito, unha das grandes condiciós da alma galega: a caridade. E sendo ese don, un herdo grorioso; y-estando inda mais vinculado n-os dous seisos: ¿Cómo alcanzades, os bós galegos: os galegos de raza, qu' haxa n-a nosa terra quen aldraxe á muller da Rexión; qu' é algo, así, como aldraxar a Galiza inteira (¿Fóra ela


tan sentida e tan doce, se non tivera alma de muller?) n-a persoa da súa própea nai. Esquirto este meu pequeno traballo, en Marzo de 1916, cómpreme angadirille alguhas liñas, n-o punto en que s'engaduxa co'a «caridade cristiana, n-as almas galegas», pra deixar ben fundada a sentença de que a nosa muller non é, nin nunca foi; nin será xamais, a que retratan alguns libros qu'houbiera de queimar o seu autor, dinantes de qu'eles traspuxeran as lindes do terriro própeo. Non abonda ós homes de anovado spritu, con decir cousas lindas, nin con sabelas dicir a xeito, pra qu'a sona qu'apañan seia honrada; a honorabilidade d'un escritor estriba en arringarlle a verdade á natureza: se pinta do natural as suas creaciós han ser ritratos; os seus contos, hestorias; agás que deixe correl-a súa pruma pol-os campos da fantasía, e fágao atestar en sí; pra non faguer rexurdir a redor da bendita terra que pinta, o delor dos seus, e as malicias dos estranxeiros. O perigro é maior, canto maior é o renome do escritor, qu'así s'asaña n-o própeo lar, finxindo fantásticos xeitos de mulleres noxentas, que, sendo galegas, é inda mais, seus namorouzos, han poñel-o pé n-un celeiro, divinizado por unha nai; por unha hirmán; por unha amada muller santa. Alí, ond' elas alentaron, empezoñará o ar a zoadá do vicio, mal chamado de orixen. En Galiza non conoscemos isa pecumia, e se eses señores escritores tiveron a mala fada de tropezar unha pintiga, n-o seu camiño, (culpa d'iles será, porqu' o manzainllo non mata senón á aquiles atordoados que trasbayan á súa sombra) teñan a boa concencia; a caridosa xenerosidad de non lle tecel-o berce antr'as verdes follas da rosa da silva. Fora, e lonxe da miña terra, demandáronme un día: «Ista muller tola, que canta un dos milllores escritores galegos, (non-o nomo, santíño, porque lle faguería maior recremo, e o mal caería sobre das suas paisanías...) é, ou non é a muller galega? Dixen a verdade: faleilles das santas honesturas do benedecido agro, e creíronno: porqu'a verdade tén unha sóya verba, e un sóyo son. Queredes conocer a muller galega? Lide Pérez Lugín: asolagade os ollos n-os cadros dos nosos pintores (Sotomayor n-a dianteira) bñ chamados «Pintores d'almas» por quen soupo furar e frorescer n-elas. Lide destiadas en liñas d'ouro, as canciós de Noriega Varela; as venteladas salobres do gran Cabanillas; é tantas, é tantas produciós, fillas das bágoas de Rosalía Castro, e das risadas, mordentes (con sabor de salouco) do noso Curros. E non sigo nomando, porque sendo a nosa, terra d'artistas e poetas, a roga

de nomes lumiosos enchería moitas páxinas: a ben de que, sen dar-me d'elo conta, podería cair n-a mais sinalada olvidazón.

A cultura é á muller, o qu'os invernadeiros pr'as prantas: ár e quentor: é decir: vida. N-iles acrimátanse todas. Esto, sempre que non falemos d'unha basta prantía, montañosa; que morre, axiña qu'a pechan, porque vive de «libertá». E, aínda... aínda... s'a pillades moi a modifio, e vádel-a atemporando con gran xeito e mimo... poidera dar que s'afaguese, ó cabo. As prantías que morren, porque tamponco adimiten escallo, corresponden, n-a vida, a ises velliños, abandonados, que morren co'a fame, dinantes de s'acollere a un encerro: pra eles cárcele, mortaxa. Os nenos, afeitos a correl-os campos... ¡miñas xoiñas! Dádelles bon precuro: e sen fame nin frío... múschanse, e non viven mais qu'a anduríña, estrozada contra os ferros da gayola, por coidar qu'os vai crevar co'as áas! N-iste caso derradeiro, hay que servirilles o ensino en pequenas bicadas: hay que curar do corpo, dinantes d'atender ó spirtu.

Pro... tornemos ó noso falacio. Non fagamos como o camiñante, que n-o comenzo do seu viaxe, arreda, e perde tempo e camiño, por pillar n-as gavias unha presa d'humildosas e rescendentes roseiras.

Decíamos qu'a cultura: o ensino: en todal-as suas apreciacións de variabilidades tantas, afire unha espellante somellanza, antr'as mulleres de todal-as naciós do mundo. Axuntade en Europa, unha española, unha inglesa, unha almana de alta e fidalga crase; e toparedel-o mais sán acordo de sentimentos: de ideyas: de gustos. Drento da súa relixió, isas mulleres degararán por topar unha perfección, da que levan en sí mesmas un mais grande ou mais pequeno xerme. N-a escada da súa intelixenza natural, serán a sorriso do fogar: a millor escolanta dos seus fillos: o lidorno do mundo qu'as acaroa. Terán (¡cal non!) as suas faltas: os seus pequeneiros ou grandes lixos; pro se nos abaxamos a buscal-o orixe, toparámolo n-o ár que respiran: n-o defeuto ou vicio qu'é vicio da súa nazon. E a muller será un tantíño farota, en Almanía; cobizosa pr'os seus, en Ingraterra; en España endebre n-as suas ideyas; en Francia... un avión que canta ou chía tod'o día, brincando de ponla en ponla, porqu'o seu fado l'ordena non asentel-o pé, nin tel-o bico pechado mentres haxa n-o seu redor arbre d'onde bulir, ou sol ó que lle botar copras... Axordade os ouvidos ás difrentes falas; e as





*Na mesa de pedra qu' está arreantes do cruceiro
pânzaroa ante, pra batarlle o resposso, o corpo
morio d' un rapaz que ven do serviço.*

*Na mesma mesa sentouse, nos pol-a tardilha,
un estudante de crepo, pra cabllar na moza do
jeito roxo que lle roubou a vocación.*

*A lua está pendurada da ponta d' un pinho e ó
lonxe cantan un alabá cheo de sandade.*

CASTELAO

xosgaredes hirmans, pol-o aspecto exterior: pol-o traxe, e hastra pol-a fidalga presentación. A raza lucirá seus distingos, n-o cor do cabelo: n-a brancura da pel: n-o grandor da man ou do pé: pro como se fosen hirmans, peitearán, vestirán e calzarán d'igual maneira. E inda se antr'abrimol-a porta do maxín; do eido das nosas vidas, n-aqués enxidos, anovados con terras diversas, atallecerán as mesmas frores e rescenderán iguais arumes. Os libros de madame Bremen, orixinalmente escritos en Suecia, son cintilizacións do sol que quenta, xel-reando, tod'á terra. E posto que levamos longa xeira de seriedade e a muller galega ha sorrir n-o pranto, e ha chorar n-as ledicias, como s'a sua vida rezásese n-un rosario de risas e bagullas alternantes, acougamos un instantiño o noso viaxe pol-a alma da muller galega, e reviremos a ollada por riba da verdadeira natureza mullereira, tocando as cunchas e o pandeiro n-a festa d'ise antroido qu'ofresce a o mundo, un fato d'atoladas revolteliras, que xogan a os homes, entoñando a própea diñidade, ou trocándoa por un coto, de mais, ou de menos. Ríamos das sufraxistas ingresas, alumñando un curazón d'homé, n-o seu endebre peito de muller. Ríamos d'ise espanta paxaros, qu'er-gue os brazos n-o alto, e móvese, e se descadrila... e s'o palpades de preto, non é mais qu'unha máscara armada sobre un meniereque de táboas, e cuberta por mal prendidas roupas de muller. Un día... o sopro do bon sentido; espallará a befaada armazón, e os paxariños, tranquiños, alimentaranse co'a semente d'amor que Deus permitiu sembrar n-os sucros da vida, e que trataban d'arrebatarlles aqueles fantasmas carnavalescos. Botemos: botemos a ollada n-ise fogar sen lume: n-ise niño valdeiro: n-o vivideiro d'unha «sufraxista». S' é solteira... ¡miña almiña de Deus! Xúntanse pecado e penitencia! A teteira ferverá ó morno; pro non busques cousa que de preto, ou n-o aleixo, poida albendar os ollos nin o curazón. Dádelle aquí a bágoa, qu'os demanda a vella nai, abandonadiña e tristeira: ás frores que se muschan n-o quinteiro: ás prendas de roupa sen betós: a o polvo, qu'apousa sobr'os trevellos, con ar e dereitos de vello señorío. Falo da crase media; pois s'a muller dispón de medios pr'adquirir unha boa e xusta insinuancia, d'esperar é que se libere da praga sufraxista: s' é probe, percisa tempo e ímpetus pra traballar, fora do alcance d'isas bravecidas tolemias. Poñamos a sufraxista ingresa antr' o número de *últimas* que fai a neurastenia: según a trato no meu conto «O mal d'home».

Concrayo das anteditas razóns, engaduxadas lixeiramente, que pra estudial-a muller de calesqueira país, n-o respente a o seu ser relixioso, moral, imaxinativo e social, menester é tomala alí d'onde non-a infruyan as riquezas, limando e abatendo males xermes ou asprosidades de carater; ni na aqueloutren traballos e coitas da miséria. Abesullemos, pois, a muller da crase media, n-as vilas: e dempoís, á derradeira, pra tomar todo acougo e tranquiieza n-o abogoso estudio que lle compete, detefámonos n-a analizazón da muller do campo. Natureza enxebre qu'amostra sinxelamente todol-os potentes tesouros da súa urdime. Ende chegando a isa albendadora premisa... avalarei un instante dubitadora da potencia do meu sprito e da miña pruma. ¡Velai o valedeiro estudio da muller galega! Compenetrada c'ós seus doores: (que son os doores d'unha hirmán) vivindo longo tempo, a súa vida de nenas grandes, sinto qu'a miña y-alma leva inxerto o fado aldeán, e que podo decirvos, n-a miña santa doutrina da verdá: «Eu as conozo bén; e pódoas ritratar d'alma enteira! Podo espellar a súa, cal s'este branco papel, gardase, pra elo, as marmuxantes augas do regueiro. Podo n-o loitar de calqueira dúbida morriñeira, amostarvos a miña, qu' é «alma aldeana de muller galega». Pro... teré eu atrevición pra dispír unha y-alma? Escadast... ¿Saberei fagueiro? As xentes admirarán n-un cadro, ou n-unha estauta, a desnudez d'un corpo, s'o alforxa, o arte n-as suas frores divinas: pro ¡ay d'aquel que deshonesto d'un tronco, corpo e arte! E se tals reparos nos opón a materia: ¿Qué pruma non ceará, medofenta, dinantes de tirarlle a unha y-alma a touca n-a que envolve o segredo de doces sonroxos, recibidos pol-a muller, da mesma man dos anxos! Soyo istonces, sentireime cobizosa. Quixera qu'a pruma d'un Valle-Inclán guiase a miña; ou deseara dibuxal-a muller dos nosos campos, con liñas d'iste meu curazón galego.

A muller galega, n-a vila

A muller en Galiza, é a pedra cimental d'iste pazo feitiçeiro, que nomamos «milloramento de crases»: é dicir: progreso. A muller que s'adica a traballos bastos, non pirmitirá xamais, qu'os seus fillos medren n-a mesma condición de servo mártire. O caletre astrúciase, pra supril-o difeíro. S'ela axuda ó seu home n-os oficios mais ruins, as fillas, deprenderán n-un taller de costura: os fillos, farán recadifios n-unha tenda: e mais tarde, s'a sorte n-ós alumñada, emigrarán, n-a rebusca de medios qu'os arreden da fame.

N-a crase median, a muller, n-o anterior sentido, pódese e se debe considerar o impetu qu' alenta e move a man do home n-o sostemento dos andros onde s' asenta a deusa «familia». Contareivos un exemplo, d'antre a milleira de casos, n-os que fundo esta miña explicación:

N-aquela parexa feliz qu' albendaba dous nenos como soles, ela rexía e dirixía unha escola: él, astruciábase pra ganar un bó salario, n-unha oficina do Estado. Satisfeitos do lote que Deus lles aparara, nada mais cobizaban, e vivían satisfeitos e tranquilos: pro, asegún medraban os fillos, a nai dicíase qu' aqueles rapaces, aguixados e alentados, percisaban un mundo, ben outro d'aquel en que nasceran. A natureza colmárase de dons, fésicos e morais, y-ela non sería madratona da sua própia natureza. E... partiron os fillos, pra seguir carreira militar n-a gran Escola de Toledo.

Todo marchou ben, ó comenzo: mais as contas d'enseño e outros gastos dos picaros, medraban: medraban como s' o demo, a tergo sempre, pr' atrapar as boas almas, n-o camiño do sacrificio, collera e tirara do cabo d'aquel enredixio. Enfermou o pai: (cicais canso de maxinar n-a sua santa tolemia; que era inda ben a toleiría d'unha probe nai) traballaba pouco, e por tanto, peor pagado. E aquela muller... ¡Galega pra non ser subrima! non dormía, nin vivía, nin alentaba, por achegar aquel difeiro ben ganano, que había convirter os seus fillos, en hirmans d'armas d'os mais principais rapaces do país. Atorada, aguixaradala os ollos pol-o traballo nouturno, e o espírito canso pol-a loita esgazadora, rendiu espírito e corpo, deixando sen nai. ¡Pro con carreira militar (!) ós seus fillos!

No-na alpuernedes! Sucumbiu; mais foi amor que dobrou n-a coitada, a balanza do reuto e bó doutrinar!

A nai, n-a miña terra, parte o seu curazón en dous anacos, e dá un a os fillos, e outro ó seu home (o dono de vida e alma); e como naide alenta, sen curazón, albérxase ela n-o que con tal supremidá distribuíu, dend' o irto señoriaxe do seu souril amor!

D'ista subrimidade, nasce a potencia valedreira do espírito e do curazón, galegos. No-na busquedes n-o suxeto, senon n-as veas, que conteñen, c' o sangue, golfarans de lume inmortente: no degaro dozo que n-el imprimiu este eterno sentir d'unha nai galega: «¡adiante!»

Mais ou menos rica, mais ou menos probe, a nai galiciana, dimpois de soñar un porvir pr' os fillos, técello con realidás; posibres, a xeiras: a

xeiras, imposibres: que «imposible» significa «impotencia de medios pra lograr un fin»; e a muller galega leva n-o peito un medio, ant' o que cean medoñentas total-as negaciós: o amor. Pra ela inventouse o falácio do mundo: «Querer é poder». Ela pode sempre, porque sempre quere! E se Galiza ve n-as mais altas cumes ós seus poetas, ós seus artistas, ós seus políticos... é porque—esceución feita d'os menos, qu' herdán talentos e aloumiños da sorte—os mais son fillos... ¿das suas obras?... ¡non! Do impeitizo d'unha nai, mil veces amorosa: forte: ¡santa! Mól e frores da y-alma, misturadas ó aceiro e ó incenso da voluntá.

E antes de poñer punto ó meu humilde traballo. tirémola touca derradeira qu' encobre ainda a y-alma da muller galega; e a semella do que tira a cubrición d'un cadro, corramol-o lenzo, e deprendamos a estudiala n-o vivo: n-o enxebre: mostremos a muller do campo, tan sinxela com' as frores c' os arumes que coronizan a Galiza por reina das galanuras da natureza!

A verdadeira muller galega

...Asubía o vapore n-o silbato do tren. Corre este, persureiro, por s' aleigar das aerniadas soedades casteláns, e, lonxe, resurxe miña Galiza, e o seu traxe de fleitos e frores, semado de fuia, pedrería, sospensa n-os terreos; n-os árbores; n-as roseiras! Sedentol-os ollos do seu reoerdexemento, que fravescea n-os gromos dos toxos, asoláganse n-as searas: van seguindo o crecemento dos árbores (porque non é un impeitizo fantástico; senon que todos adivertiríades que soyo os nosos árbores logran o seu altor natural). ¡Albendáivos, ollíños c' ós mil sorrís coores con qu' a luz vos festexa e aloumiña! ...¡Sinistro, noso Cen!... ¡Azaro a o maldizoso saloyo! Iste azul, é o do manto da Virxen! E o espello en que se refrexan as pulidas e xeitosas «Non m'esquenzas». Tanto valdría dicir que son sinistros, ou zalógobres, istes feixes da venturosidad dos ollos, que nomamos: pinos, castiros, olmos, abeneiros! ¡Sinistra nosa vida! Os qu' así falades, enfermos do spirtu, nin víchedel-o arco da vella, asentado en Condaz e Iñás, (Oleiros), nin vos contaron nada os merlos, brincando n-o mes d'Abril, tras da agarimosa compañía; nin sondes diños de lir o sagredo mistéreo dos campos galegos!

Arrédome do meu ouxeto e quédanse, no aleio, as miñas ánseas por vos dar a conecer a nosa mulleríña.

Decíavos qu' ende chegando a Galiza, brinca a ledicia n-a miña y-alma; e quíxera repartila con todo aquel que chora, morriñeiro e saudoso.

Tral-as promeiras sevas galegas, amóstranse algunhas rapazas: en xustillo: saya roxa, e sabelo: grandes ollos: longas trenzas: ollar manso. Os «pícaros», con rizosa caveleira, loura, e ollos tan... sinistros... como o Ceu, qu'espellan! Soyasmente, habedes d'ouservar, qu'asegún corren os anos, ollos e cabelo apardúxanse: ás veces hastra trocarse en cabelo e ollos negros. Fantesías de raza, que n-un soyo tipo, quér luscir total-as variabildás da sua nunca desmentida lindeza.

Buscade unha muller todo ó redor da terra que, pol-as linduras honestosas, e o séráfico recollemento, tome a filiación d'unha Virxen, s'a poidades sobr' un altar, co as mans cruzadas sobr' o peito. Se non-atopades, vide ás montañas galegas. Ollade, preto, istas feguras graves e sereas, que somellan pintadas n-o maxestoso vidro d'unha Catedral. Non é solermeira: qu'a muller solermeira, fixa decote, os ollos n-a terra, pra enfoscar ás xentes ó seu pensamento segredo: e a muller galega brindavos sempre o seu n-a limpa ollada: é, bén o contrario, un certo aquel, inespricabre: un xeito que non apartenece a nai: é seu, própeo. Tarda, ou presureira, hay n-a sua marcha unha gravidade, que ll'imprime carácter: e a muller d'antiguidá: repousada: tranquila: segura de si mesma. Y-esto non-o adquire c'ós anos: moi rapaza: bén novia, ten a mesma soberba dereitura.

Connigo pensaredes todol-os que conosedes Galiza.

S'a sorprendedes n-a fonte, erguendo sella ou cántara... Rebeca pillará seu lugar n-o voso spirtu. S'a ouides espricar ós pequeniños o «por qué» das frores, dos árbres, dos alustres... maxinades, e maxinades bén, qu'un tal altor d'entendemento, sen enseño qu' o desengaduxe, topou n-o camiño un escolante feiticeiro e grande, qu'a leva pol-a man, y-en xamais s' arredará d'ela! A natureza en Deus.

Duas liñas tecen a y-alma da muller galega: pasión e sacrificio. A probeza: a misérea mesma, non-a espavece por ela. ¡Pro que non-a conezan os seus! Casa c'un home probe: ás veces... mais probes qu'os paxaros, non contan c'un berce ond'arrolar o seu promer gromo! Ricos son, c'o lote d'aloumiños con que lles brinda seu amor! Pro cando aquel amor abrocha n-un fillo... tórcese drento do peito, e chámase «sumisión qu' o fado!» El, emigra, deixando da banda d'acó, canto bó ll'aparara o Ceu! Ela... ela vai

ser «nai, galega». Ela garda total-as meluzas da muller, pr' o fillo, e supríndol-o pai que lle marra, sacha, carreta, poda, inxerta! Trema da vida, e baraxa c' o gando! E a chegar, acorada, d'unha vindima, d'unha esfolia, d'unha amurrada, pilla n-o sobrelume da porta ó seu encantiño: érgueo, hastra por riba da testa, e apértao e bícao, e deixa sair tod' a mulleríña que ten n-a y-alma, en falacios de docisma e santa amorosida! Un extranxeiro qu'a ouvisse, sen vela, diría: Ise canto é un replique de Grorí: ise istrano reiseñor... ¡É unha nai! «Meu queridíño! Encantiño dos meus-ollos! ¡zaranduxo! ¡meigo! Amore da miña vida! ¡Chorache, meu bén?... ¡Xa está eiquí tua nanaiciña! ¡Qué lle fixeron a o meu neno? ¡qué? ¡Espello da miña y-alma! ¡Dónde está o pai do meu neníño!»

Muller-nai, galega! mil veces benedecidos teu amor, tuas tenrezas: a tua fala cuasque diviña!

Ela vai mal mantida, e pior vestida! Ela sofre! Pro seu fillo ten mantenza, e o frío non fará atrecel-as suas carniñas, namentras ela alente! Pra él: pra eles os seus cantares, as meigueces do seu sorrimento!

Cand' a vida decrina: cand' a man non trema da peneira, nin da roca, leva n-ela a d'un neto, mentres outro lle tira do mantelo, e o mais novo agavia hastra s'alberxar n-o seu colo! E sempre a fé guiando seus dedos sobr' a frente: sobr' a boca: sobr' o peito dos seu anxos queridos!

Din qu' o menos sabido dos nosos labregos, poide loitar en caletre, c' un abogado.... Quén ll'asopra n-o ouvido as astruclás? ¡As sentencias? Cuasque sempre, a dona: a nai: a filla! Ela, tan doce: ela, que n-as longas noites da invernía, cabe o berce do rapaz, que durme, cose, fia, ou debulla. ¡A lembranza d'alen, avallando, cando sopra o Setentríon, sinando, sempre qu' a lucencia d'un lóstrego alumia o anaco de Ceu, antre visto pol-o vieyo! Pillando por baixo do pano e o xustillo, e apreixando n-a man, lembrosa, unha venera que lle mercou «o seu», antes d'embarcar, pra qu'arredare da envexa: mentres sorri o sol n-os seus ollos, e atallecen total-as roseiras do mundo, sobr' os beizos, que marmuxan, axordando o própeo espavecemento:

—¡Cala e durme, meu anxol... ¡Estou eiquí!

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

Oleiros, Marzo 28-916.

DO NOSO TEMPO

O SILENZO DAS MUSAS



AI xa algúns anos qu' en periódicos e revistas atópanse de vez en vez artigos doidos lamentando a decadencia d' as artes n-istes n-óstros revoltos días.

Por outro lado as críticas teatraís, as reseñas d' as exposicións, y-os comentarios que sobre novelas e literatura xeneral aparecen di-

ariamente n-a gran prensa dan casi sempre as mesmas notas esconsoladas. Dramas sin nervio, comedias sin lóxica, pinturas sin vigor, novelas pesadas com-a lousas, versos sin xenio. Y-en total-as manifestacións artísticas y-a pesar do vasto da produción, igual falta de vida e de fortaleza o mesmo decaer morredizo, a mesma sensación a valeiro y-a mol.

E non digamos qu' as condicións dos tempos non son axeitadas pr' o desenvolvemento das artes. Vilas grandes e poboadas com'a nación, o diñeiro espallado d' abondo por maus sempre abertas pra gastalo, gosto pol-o luxo e pol-o b-óo vivir, mercados tan extensos qu' abarcan o mundo inteiro e por riba d' isto todol-os principios e total-as ideais en crisis co-as fumaradas y-o estrondo d' unha guerra chea d' horror atrás y-a sanguiñenta aurora d' unha revolución por diante. Con bastante menos e por bastante menos, escribiu Milton, pintou Leonardo y-esculpiu Miguel Anxel. Porque sempre n-os momentos críticos da humanidade cando tivo lugar unha gran transformación n-o seu espírito e n-as suas creencias as musas cantaron máis alto e sopraron n-as mentes dos filósofos, fixeron saír rimas dos corazóns dos poetas, gularon a mau que leva o buril ou que manexa o pincel.

Cand' o budismo exaltou a calma fonda da India, cando entr' os mirtos da Atica e sobre das augas do Exeo os gregos loitaron pra salvar o Ocidente, cando trunfou Roma, ó predicar Luteró, ó falar Mirabeau as artes axudaron a-os rebeldes, defenderon a-os caídos, foron a veces unha bandeira pra loita e sempre un arma que golpeaba e fería ou un escudo que amparaba e protexía. Y-agora n-iste argugullar d' un mundo que fai auga entr' as emocións do pasado y-as inquietudes do porvir as musas calan ou cantan tan baixo que casi non ouvimos as suas voces.

Y-en non creo qu' iste silencio das musas seia provocado por unha casi total ausencia de x-

nios ou por un rebaixamento xeneral dos talentos artísticos. Non. A causa hay que busca n-o público, n-a indiferenza, n-o tope da atención que a sociedade dos n-óstros tempos presta ás cousas do arte. A xente compra as obras dos líricos, acode a o teatro, vai ás exposicións, pro fai todo isto sin fe e sin entusiasmo n-o mesmo estado d' espírito con qu' os paganos do tempo de Simaco iban a-os templos dos dioses e o ideal perdido y-o corazón valeiro.

Comparede a n-ósa época con outras que xa pasaron; c' os luminosos días da Provenza en que ser poeta era selo todo y-en qu' os bos cavaleiros que voltaban de pelexar c' os mouros deixaban c' a sua mau farta de fender testas de infies cantara o sol y-o ar da sua terra y-os bellos óllos y-os brancos dentes da sua amada, y-os anos do reinado de Luis XIV n-os que Scarron soilo por sere poeta rubiu tan alto que deixou a sua viuda en condicións de poder ascender da mau do Rei as gradas do trono da Francia. E n-a Inglaterra d' Ana Stuard en qu' os graves ministros da máis mirada das nacións honrábanse aparecendo n-intima amizade c' os poetas do seu tempo. E n-o 1830 cando crásicos e románticos andaban a paus e batíanse en duelo en total-as grandes vilas da Europa por causa d' un verso ou d' unha comedia. E aínda n-os tempos d' onte cando escribían Zola e Eche-garay e pintaba Degas ¿quén non recorda aquelas discusións interminables sobre o realismo y-o impresionismo?

Acórdome ben de que sendo neno iba algunhas veces levado por un vello parente a unha tertulia que se reunía n-o casino da vila en que nacín y-acórdome ben de qu' aqueles apersoados señores poseídos todos íles dos demas asoballantes d' a caciqueria local facían casi sempre un paréntesis n-as suas pláticas políticas pra falar apaisoadamente d' un coadno ou d' un libro.

E ¿quén fala agora fora dos profesionás, d' istas cousas que de día en día perden a importancia y-o intrínseco?

¿Quén vería de se quitaa vida ou de se meter a ladrón como fixeron moitos mozos do tempo de Goethe e de Schiller soilo por ler o Werter ou por haber asistido a unha representación dos Bandidos? ¿Quén sería levado hastra o heroísmo pol-as estrofas d' un canto com' os gregos de Tirteo?

Naiide, seguramente naiide. Por qu' as artes qu' unhas veces recollen e dan forma ás aspiracións da humanidade y-outras descubren e poñen á vista horizontes n-óvos e provocan n-os espíritos n-óvas inquietudes e desexos, precisan qu' inquietudes, aspiracións e deselos alenten en xerme n-os corazóns ou teñan existencia n-a conciencia d' os homes.

Y-agora n-istes días en qu' as relixiós perderon a sua fecunda agresividade caídas pra se

nunca erguer as ideas de liberdade e de xusticia universais qu' encheron o século derradeiro, imperante e practicada a filosofía d'aución forte, dura e brava pra conquistar sementes o ouro y-o poder, tendo por ideal colectivo un ideal de milloramento material, cuasi morta a esperanza da preferción moral, os homes non poden ouvir o canto das musas que falan con palabras que n-o entenden, ou que si se poñen ó ser da vida son como ela grises e chaizas.

Un meu amigo, home de vasto talento e vasta cultura con quen eu falaba d'estas cousas, declame fundado n-a importancia que van collendo entre nós a danza y-as artes decorativas d'unha evolución retrospectiva do gosto artístico que ceceais voltaría así as primitivas manifestacións do ritmo e da cor.

Ogallá sea así pero eu creio qu'os púbricos

qu' enchen os teatros onde os bailarís d'hoxe danzan as suas pantomimas van alí soilo polo pracer dos ollos e dos oídos. Van buscar un instante d'esquecemento, a deixar qu' o espírito folgue, non a facelo entrar n-a alma do espectáculo pra que con ela vibre e chore e ría e trema.

Non, non busquemos nos n-ósos días qu'os homes queden encadeados e os cantos das musas; crebou o fio qu' as levaba hastra o seu curazón e xa non poden chegar a él.

Pra encher o sentimento de patria, úneco que misturado con baixos intreses e baixas pasións vive entre nós como soilo ideal basta un pedestista ou un equipo de base-ball.

E verdadeiramente pra os n-ósos tempos hay d'abondo.

FLORENTINO L. CUEVILLAS

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

O NAZONALISMO N-AMERECIA

Unha xuntanza da «Mocedá Galeguista d'Ourense» asistiu o ilustre pedagogo, enxebre galego e querido amigo n-ós, D. Inacio Ares de Parga, o que coma embaixador espiritual de todos os galegos residentes n-a República Arxentina, que pensan e sinten en galego e se interesan polo desenrolo das forzas inmanentes da Raza, manifestou o agarimo con que son acollidas as novas do labor dos que arelamos que Galiza sexa outra sen deixar de ser galega, ofrecendónos, desde logo, a súa comprega axuda.

Moito nos parece o ver qu'alen do mar hai homes que pensan do mesmo xeito dos que teñen xurado ser dos «b-ós e xenerosos», e non se deixan engayolar pol-ós farsantes *regionalistas sanos y bien entendidos* autores da crasificación: *caciques buenos y caciques malos*, qu' esplotan o falso hespañolismo das aves de rapaña y-o «mal du pays» dos analfabetos con letras.

A SAGA DO CABALEIRO DO SAN GRAAL

É o derradeiro poema do n-ósso compañeiro e irman Ramón Cabanillas, qu' o leu n-a inauguración da Sección de Literatura y-Estoria do Ateneo de Vigo, da que é o Presidente. O que co-este sinxelo e manífico poema, verdadeira *saga galega*, ven facer o Poeta da Raza, foi recabar pra nós a gloria do Graal, ergueito ó ceo n-o cume do Monte Cebreiro, verdadeiro Monsalvato da leenda, e remachal-o n-ósso entronque, perdido dende o tempo dos *Canzoneiros* e dos *Romances vellos*, co-as tradicións célticas da Táboa Redonda que nos pertencen de dereito. Ningúen con máis títulos que quen levou máis outo o clamor da Terra Asoballada, podería entrar com'oficiante n-o Templo augusto qu' erguera Xosé d'Arimatheia, o Templo ond' o San Graal agarda a chegada d'un prometido Perceval que

siga o camiño que n-a saga do Cabanillas leva Sír Galahad.

O trunfo do n-ósso irman foi inmenso. A sorpresa y-o encanto d'aquela evocación feriu fondamente os espíritos dos qu' escoitaron a saga que viu a comover n-iles o sentimento de galeguismo ancestral que todos levan n-a y-alma.

PRIMITIVO R. SANJURJO

Áchase antre nós por pouco tempo, o máis discutido dos escritores galegos. Primitivo R. Sanjurjo, que é un caso flagrante d'arredismo individual, chegou pol-ós seus merecements a desempeñar unha cadeira de Literatura hespañola do século XIX n-a Universidade d'Ithaca (New-York, E. U. d'A.). O autor soado de *Las Mesetas Ideales*, que soupo levar xenialmente á escea, n-a súa traxedia inédita *La Princesa Legedia*, un celtismo d'ensono da Armonía irmá, que latexaba n-ós *Queixumes dos Páos* do bardo Pondal, y agora volve rexurdir n-as novas producións do Cabanillas, non podía por menos senon contribuír á n-ósra obra galeguizante, cedendo a NOS as primicias d'un libro úneco e cheo de sorpresas que tén composto.

Sanjurjo é ademais pra todos nós un eixemplo vivo de persistencia, de fe n-as propias forzas, e n-as propias concepcións estéticas, sin a máis pequena concesión á estulticia da época nin do ambiente. Sanjurjo non é sementes un gran carate intelectual, senon un gran carate moral. Reciba o n-ósso homaxe fraterno.

XXXVI ANIVERSARIO DA MORTE DE ROSALÍA DE CASTRO

O día 15 do mes de Xulio celebrouse o xxxvi aniversario da morte da n-ósra Rosalía.

N-Ourense a «Mocedá Galeguista» tívolve unha misa e responso pol-a súa y-alma. N-o do-

micilio social estiveron póstas n-os balcóis colgaduras de loito.

Ademais, o xornal *El Diario de Orense* puxo á disposición dos nósos irmáns as súas páxinas e fíxose un número extraordinario co-as máis autorizadas firmas do nazonalismo ourensán.

O homenaxe, homilde d'abondo, coidamos que será o primeiro paso que dan os grupos nazonalistas pra istituire n-iste día a festa interna das Irmandades, xa que foi Rosalía a eisaltadora da Terra, a que fixo latexar as primeiras arelas de redenzón n-o peito dos «bós e xenerosos».

O DÍA DE GALIZA

Tamén o 25 d'ise mesmo mes, festividade do nósos patrón San Yago, celebrouse en toda a nósos Terra o día da Patrea Galega. N-ista capital, n-o domicilio da «Mocedá Galeguista», izouse a bandeira galega e a petición d'isa entidade puxéronse bandeiras n-algunhas sociedades.

N-o concerto que diu a banda municipal n-a Lameda tocouse programa somentes galego.

Foron moital-as tarxetas postaes e telegramas que se puxeron n-ista cidade saudando a entidades e particulares n-o Día da Terra.

A igual que n-Ourense o Día de Galiza celebrouse n-as catro capitales galegas e pobos importantes, ficando xa consagrado d'un xeito definitivo com' o Día da nósos Raza.

«NÓS» N-O CARBALLIÑO

O día 24 tivo lugar a inauguranza do Asilo que fundaron no seu pobo do Carballiño os irmáns Prieto, e púxose a primeira pedra do moimento qu'en dita vila s'erguerá en honor dos fundadores. O capital donado pra soster o Asilo, produce unha renta anual de 65.000 pesetas, qu'ascenderá a 80.000 así que acabe o usufruto istituído por D. Severino Prieto Pereira n-o seu testamento. O patronato do Asilo estará constituído pol-o Bispo d'Ourense, pol-o Alcalde do Carballiño, pol-o Arcipreste do distrito e pol-os irmáns D. Leandro e Frai Xan María Prieto Pereira.

Con motivo de dita inauguranza, oficiou de Pontifical o Bispo de Lugo Ilmo. Frai Práxedo Anxel Rei Lemos, o que n-a plática que pronunciou, alusiva ó auto, manifestou que «n-a sociedade son solidarias as partes qu'a compoñen» revelando d'iste xeito ter unha visión modernísima do dereito de propiedade.

GALICIA Y EL REINO

DE LOS SUEVOS

pol-o DR. D. MARCELO MACÍAS

Orense, 1921

Co' iste home eminente y-eixempran, Galiza inteira ten contraída un débeda de gratitude, débeda qu' o pobo d'Ourense precurou pol-a sua parte ir principiando a faguer paga.

D. Marcelo Macías quer recabar pra si com' unha honra o ser galego, quer qu' o teñamos por nósos, y-homildosamente aduce pra elo razóns estóricas, d' esas que somentes poden convencer ós eruditos, cando non precisaba nada d' eso. Quen coma il consagrou a Galiza todo o seu esforzo y-o seu xenio, quen coma il esaltou

as grorias d' esta Terra e n-ela realizou un labore d' investigador, d' escritor e de mestre que deixa atrás de si fonda sinal n-os espritos dos estudosos, pensamos nós que pra ser tido e querido coma galego nos nósos corazóns, e máis tamén n-o corazón segredo da Nai Terra, non precisa ter nacido n-a capital d'un dos tres conventos xurídecos da Galiza Romana. Non, D. Marcelo Macías conqueirou a cidadanía galega por merecementos que moi poucos galegos de nacemento poden contar no seu haber. É hoxe unha das máis lexifemas e das máis asentadas grorias da nósos Terra.

Non imos encarecer agora nin tan xiquera a contribución do Dr. Macías á Estoria de Galiza. Ela é tan considerabel que ben merece un estudo especial. Non é o seu lugar tampouco, unha sinxela nota bibliográfica.

Este libríño, que non chega a cen páxinas, contén, admirabremente espoto y-escarecido por unha crítica sabia e rigurosa, todo o que se sabe tocantes á época dos Suevos n-a Galiza; todo o que se pode sacar das dúas fontes únicas que fican d' enton: o *Cronicon* d' Idacio, y-a *Estoria dos Suevos* de San Isidoro de Sevilla, fontes qu' o Dr. Macías ilustra cos seus fondos coñecementos epigráficos e numismáticos e coa sua grande erudición clásica.

Con que tivéramos sobor de cada unha das fontes antigas da nósos Estoria un libríño coma iste, teríamos feito o principal pr' o coñecimento do pasado da nósos Terra.

Insiste o Dr. Macías n-un punto moi discutido: o do divorcio y-a enemistade qu' existiu sempre antr' os invasores Suevos y-a poboación galega. Tocantes a esto, habería que ter en conta as razóns relixiosas que ó escribir movían igual a Idacio que a San Isidoro, y-ademais, compre fixarse en qu' esto non s' opón á influencia étnica, lingüística e folk-lórica dos Suevos na nósos Terra, aparte das intencións patrióticas que disculpan a denominación de *Suevia* empregada por algúns defensores de nazonalidade galega.

Un punto de grande intrínseco é somentes aludido n-o estudo do Dr. Macías, pois está fora do seu oxeto: a estoria do Priscilianismo, qu' agarda outro estudo pol-o xeito do dos Suevos. Os escritos de Prisciliano atopados y-estudados fai pouco n-Alemaña, aínda se non popularizaron antr' nós. Si o Dr. Macías se decidira a empregar iste estudo, a Estoria de Galiza tería dado outro paso considerabel.

ILDARIBAL.—SOTA EL CEL

DE PARIS.—L' ADOLESCENT.

—CONTE FATIDICS.

—A LA DERIVA,

por ALFONS MASERAS.

Coñecemos xa fai tempo a iste brillante escritor catalán. Foi aló, n-os tempos derradeiros do *modernismo*, que non deixou de tel-a sua fase catalana, e logo despois n-o magazine hispano-americano *Mundial* que publicaron en París os irmáns Guido, baixo da dirección de Rubén Darío, y-os *Contes fatídics*, un dos libros qu' agora tén a xentileza de nos ofrecer Alfons Maseras, lembrannos ben as cousas d' il qu' eli tiñamos

lido n-aquelles tempos pouco posteriores á núa iniciación literaria.

Ildaribal e *L'Adolescent* son dúas novelas d'evocación histórica, a primeira da Tarragona ibero-romana da veira do mar clásico das trémas douradas que vían difundindo helenismo pol-o litoral adiante; a segunda da Babilonia do rei Balthasar, a Babilonia bíblica das profecías, enrequecida por todol-os descubrimentos da asirioloxía. Mais son dúas evocacións históricas puras, máis do externo que do interno, sen conflito ideolóxico nin ético, sen esoterismo coma pod' haber n-a *Salammbô* ou n-as *Tentacións de San Antonio* de Flaubert, ou n-os *Julianos* d'Ibsen ou de Merejkowski. E unha maxinación com'a que fixo a Villiers de l'Isle Adam escribir *Adekizeril*.

Sota el cel de Paris e *A la deriva* son libros da esperencia respectivamente exterior e interior do autor, sendo n-este caso o segundo o que máis ensino téñ, coma libro d'aventura espiritual coma se fora a síntese d'un diario íntimo n-o que s'houbese eliminado tod' aquilo que non é puramente a transformación evolutiva da súa vida espiritual. Sen dúbida é o libro ó que máis s'aficiona un dos que coñecemos do autor, o que, pol-o demais danos a impresión de que sempre cala moito máis do que solta, e que moito do que cala téñ aínda intrínsecos pr' os outros.

Alfons Maseras téñ sen dúbida unha persoa-lidade ben feita n-a moderna literatura catalana, qu'il vai asentando c'unha obra sólida e xa copiosa.

TALABRIGA.

d' Aveiro (Portugal).

Cando tiñamos rematado o noso número 5, chegounos esta publicación estreitamente irmá da núa, que ven recollel-o espírito nazonal portugués n-o localismo d'unha comarca, e-o senso d'Augusto Casimiro, baixo do lema glorioso: *Pro Terra mea, pro sanguine meo*. Un nazonalismo que quixera vitalizar a Portugal en cada un dos seus ganglios, millor que n-a centralidade conxectiva das grandes vilas. N-a presentación, Antonio de Cértima, programa a *volta d'Terra*, coma nós a programamos, sentimento que gostamos tamén d'irmos recollendo por toda esta Europa que d'ela andaba tan esquecida, n-as voces de Jean Revel, de Philéas Lebesgue, de Hrand Nazariantz, de Teixeira de Pascoas, de Yeats, de tantos outros.

Talabriga vén falando tamén do movemento luso galaico, ó que ofrece o seu valioso apoio, e n-as súas páxinas inserta un soneto d'Euxenio Carré, adicado ó noso amigo Alexandre de Córdova.

Son notables traballos n-o primeiro número de *Talabriga*, antr' outros: *Agueda Velha* d'Adolfo Portela e *Estética dos núsos barcos* d'Alberto Souto.

LA TEMPORADA EN MONDARIZ

Recibimol-os catro primeiros números d'iste ano. N-iles síguese a interesante obra galeguista dos Peinador, á que nos temos referido xa n-este boletín. Hai n-estes números traballos de nota sobre da Pardo Bazán, a *saga do San Graal* do Cabanillas, os Lenzos Galegos, as Reales Fábr-

cas de Sargadelos, as Augas medicinais de Mondariz, os Azabacheiros de Santiago y-outros temas de verdadeiro intrínsecos pr'a núa Terra, de cuícos produtos, artes e industria faise ademais unha gran propaganda n-esta publicación.

REVISTA DE GUIMARAES

A xa venerable *Revista de Guimarães* que publica a Sociedade Martins Sarmento, perpetuadora da lembranza e da tradición dos traballos do insigne esprorador das citanias de Briteiros e Sabroso, o comentador eminente do *Ora Marítima* y-autor de *Os Argonautas*, visitou tamén a núa redacción, onde foi recibida c-o respeito de qu' é merecente unha publicación que tanto leva feito pol-a revelación da Estoria da Nación irmá. A *Revista de Guimarães*, que coñecíamos xa fai tempo tiña suspendida a súa publicación dende 1913. Volve á vida animada do mesmo espírito patriótico e local que levava á Sociedade Martins Sarmento a publicarl-a ó principio.

Trai reseña de documentos do Arquivo da Colegiada, os Estatutos da Irmandade dos Alfaiates de N. S. da Oliveira, e intresantes traballos, coma o de Alfredo Guimarães sobre *Partizelas, tendilhas e varelas*, o de Maximiano Lemos sobre *As doenças e a morte de Herculano*, qu' amos-tran ben coma os portugueses piadosamente estudian as máis pequenas cousas da vida dos seus grandes homes, e moi intresante pra nós a *Res-piga lexicológica* d'Eduardo d'Almeida, n-a que s'atopan moitas verbas núsas da fala popular portuguesa, n-o que se ve que si o portugués s'arredou algo do galego foi n-a fala literaria pol-a inxerencia de cultismos que van faguendo do portugués literario unha lingua artificial.

REVISTA DA

FACULDADE DE LETRAS

DA UNIVERSIDADE DO PORTO,

números 3 e 4.

Ó fronte da Comisión de Redacción d'esta revista, áchase o noso amigo o eminente pensador Leonardo Coimbra, que xa honrou co-a súa firma as páxinas de NOS. D'il ven n-este volume un excerto do libro *O pensamento filosófico de Antero de Quental*, n-o que o Leonardo determina a contradición fundamental antr'a doutrina da *persoa*, y-a doutrina da *cousa*, antr'a doutrina da *duración* y-a da *imobilidade*, antr'a imaxe vital y-a imaxe mecánica do universo, punto que téñ unha chea de ramificacións do meirand' intrínsecos, abertas á sagacidade extrema do insigne profesor do Porto. —O Sr. Mendes Correia estuda *As bases geográficas e étnicas da nova carta política da Europa*, da que fai unha verdadeira crítica científica, n-a que resulta que a Conferencia da Paz nin sempre respectou as consideracións xeográficas, étnicas e lingüísticas, nin a vontade dos pobos, nin fixo o máis comenente pr'a evitación de guerras futuras, nin pr'a restauración económica da Europa desfalcada pol-a guerra, concruindo qu' o nóvo estado das cousas pode pór en perigo a hexemonía da Europa n-o mundo. —Tamén dino de nota: *Estudos de Glotologia indo-europea; Uma nova etimologia dum verbo* do sabio José Teixeira Rego, home d'un agudo espírito de síntese e d'unha fonda y-aproveitada erudição.

L'IRRADIADOR DEL PORT I LES CAVINES,

poemes d'avant-guarda,
por SALVAT PAPASSEIT.

Salvat Papasseit, *pioneer* do avanguardismo catalán, autor do primeiro Manifesto futurista en Cataluña, publicador de *Proa*, reixa folla «de poesía e guerra», da que xa temos dado conta, rapaz dos poucos que saben ter os poucos anos qu'il tén, coscente e seguro de todas as súas múltiples audacias, co-a sabencia de que se debe estrever a todo, e xa coñecido noso. En NOS, en *A Nosa Terra* nos temos ocupado d'il.

Hai agora n-a Cataluña, a irmá cixemprir, barada e progresiva, fondamente amada por nós, embora sexa d'outra civilización, unha mocidade d'iste xeito, con almas apuntadas coma balonetas que s'erizan contra da estupidez que Madrid quere valeirar riba de nós todos...

Poderíamos agora, pra poñer ó alcance do meirande número os poemas d'avanguardia do Salvat Papasseit, entrarmos en longas espricaciós n-as que falaríamos do *esprit nouveau*, das *imaxes criadas*, do *nazonalismo literario*, e de moitos puntos de filosofía boxe en debate (a velocidade—sobre da qu'haberia que deixar falar ó noso Losada Diéguez—o ultracontino, a relatividade, a entropía etc., etc.) Máis é millor qu'istes poemas cheguen ós espritos sen preparación, en toda a súa *forza espositiva*.

Abonda con dicir que Salvat Papasseit, qu'endexamais despreceio o que se chama *beleza*, tén chegado a unha depuración que somentes atinxen os mestres coma proban as súas *Vibracións*:

*Quin vent que fa,
quina pluja mes fina!
—El tram llampegua.*

*Què són fets el estels-oronells
despenjats cada día?
En els ulls de les verges, estels.*

y-a estupenda *Marca nupcial*. Outro día hemos reproducir algus d'istes poemas.

O SOLDADO SAUDADE, por PINA DE MORAIS, Porto, 1921.

O libro emocionado y-entenrecido dos portugueses n-a guerra grande, libro de bondade, d'homildade, de sereidade; verbas que veñen ós beizos d'outra corazón relixoso e saudoso... Un pobo qu'escribe libros así é máis d'ino da viutoria total, do que os qu'escriben cántigas de trunfo e de combate, ou desesperos e conde nacións enrabachadas... Véxase: un soldado chega arrecoado de frío ond'hai lume; pónse a quen-tar e dí:

—«Quem sabe se eles terão carvão! Eles era o inimigo.

»No olhar do soldado transpareceu a piedade que lhe nadava no coração. Sem querer tinha prégado como um Nazareno. A sua *humildade gigantesca* tinha gemido uma legenda de Cal-

vario. Quem perdoará a generosidade cristã com que tu morres, meu rapaz?

»Olheio-o a direito e vi a sua alma nua como a baioneta con que atacaria amanhã. Este homem vivia tão perto da morte que via o outro mundo.»

Eisí, caxeque todas as estórias que conta n-iste libro Pina de Morais son estórias de piedade: *O Soldado Saudade*, *A melhor esmola*, *Um remorso*, *Cauchemar*, *A morte de Pierrot*... E esa eterna expresión «meu rapaz» para falar ós soldados... Eisí a guerra trasgúrase e cristianízase n-iste libro.

Pina de Morais qu'é un dos máis punxentes escritores de Portugal, tén ademais d'un estilo nervoso, sintético e penetrante que chega á y-alma, unha sensibilidade, e unha intuición fonda da relación antr'a y-alma y as cousas, e hastra da expresión espiritual d'estas, que fan a verdadeira modernidade.

O Soldado Saudade é un libro que contenta máis que ningún outro libro de guerra, porque é a guerra vivida en piedade saudosa e n-il adepréndense moitas cousas d'unha imensa utilidade pra mañán, polo mesmo qu'o seu autor non se propuxo sementar ideías, senon amostarse na súa *homildade gigantesca*.

LA RAFALE

(poesías) d'ANDRÉ BRUN,

préface de PH. LEBESGUE,

illustrations de A-L MANCEAUX,

Paris, Editions d'Aujourd'hui, 1921.

Un novo libro de poemas de guerra, dos máis sentidos que temos lido. Istes poemas contéñen a emoción pura, sen consideracións trascendentais alleas a ela. A door y-a tristura da guerra y-o heroísmo silencioso e recatado: na súa sinxeleza, cecais o verdadeiro sentido ético e relixoso da cousa. Poemas que se titulan: *Le Glas des Morts*, *Chevaux de Réquisition*, *AF Un d'Eux*, *Les Oiseaux de Mort*, *Les Spectres du Bonheur*, *Ballade du Prisonnier*.

A emoción sinxela qu'hai n-istes versos:

*La fiancée et la «maman»
Se lamentent dans la demeure.
Puis vient un peu d'espoir calmant.*

(«Le Glas des Morts»)

E n-o fogar tranqúilo, n-a casa qu'a guerra derramou:

*Le vois le maître, un jour, revenir sur ses pas
Et pleurer tous les riens qu'on ne remplace pas,
Ces menus souvenirs, lambeaux de notre vie...*

(«Les Spectres du Bonheur»)

E unha leda esperanza n-a segunda parte do libro de que voltaron aqueles días n-os que

La paix riait; c'était le calme d'un beau soir.

(«Vers l'Aurore»)

Días qu'agardan todos os verdadeiros obreiros da civilización, coma Mr. Brun, qu'ademais de poeta é escolante.

Ourense: Imprenta e Papelería de LA REGION.

NOS

AGUAS MINERO-MEDICINALES
BICARBONATADO-SÓDICAS
MONDARIZ



CASIMIRO

NÓS

FRÁBICA MECÁNICA DE CALZADO
DE

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15 - A CRUNA

GRAN CAFÉ "LA UNION,"

O MILLOR SITUADO E DE MAIS CONFORT

BILLARES - VARIETÉS - SEXTETO

Nóvos propietarios: MANUEL VAZQUEZ :-: EULOGIO ALBERTE

PEREIRA, 13

TELÉFONO NÚM. 61

"GRAN HOTEL ROMA,"

MONTADO CON TODO CONFORT E HIXENE MODERNOS :-: COCIÑA VARIADA E SANA

PENSIÓN COMPRETA DE 10 A 50 PESETAS

SITUADA NO MAIS CÉNTRICO DA CAPITAL

Progreso, 71

OURENSE

Teléfono, 73

SANATORIO QUIRURXICO D' OURENSE

DIRIXIDO POR

D. Manuel Pol Piñeiro

D. Manuel Peña Rey

Cirurgía xeral y especialidades

Ginecología e partos

Instalado en sitio sano e pintoresco (carretera da Loña).
Conta con elementos precisos pr' a boa asistencia dos operados.
Moi logo instalará RAYOS X.

PRA DETALLES DIRIXIRSE A UN DOS DIREITORES

¿QUEREDES VESTIR BARATO E CON ELEGANCIA?

Pois, encargade a feitura
dos traxes na xastrería de

José María Rodríguez

Pereira, 2 - OURENSE

Manuel L. Enriquez

Médico - Oculista

asisten. pago pel-o Goberno español,
de crónicas das Universidades de Zurich
(Suiza) e Würzburg (Alemania)

Consulta diarin no Hotel Miño :-: Ourense

DISPONIBLE

LIBROS DE TEIXEIRA DE PASCOAES

Terra Prohibida + Arte de ser Portuguez + Sempre + As Sombras
Marános + Cantos indecisos

“A NOSA TERRA,,

BOLETIN DECENAL

Idearium das IRMANDADES DA FALA en Galicia e nas colonias galegas d' América e Portugal

PRECIOS DE SUSCRICIÓN . . .

Na Cruña ó mes.	40 céntemos
Coste d'un número	15 “
Fora, trimestre.	1'50 pesetas
América, id.	2'00 “

REDAUCIÓN Y-ADMINISTRACIÓN: PLAZA DE MARÍA PITA, 17, BAIXO. - A CRUÑA

MERQUE VOSTEDE

NOVELA GALLEGA POR

FRANCISCA HERRERA E GARRIDO

“NEVEDA,,

Coste, DAZASEIS REÁS

Dr. Viqueira
Pontevedra 17-22

F. Román e Saco

DROGUERÍA

E FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono, 28

OURENSE

UN ANUNCIO PERMANENTE EN "NÓS,"

É un imposto sobre a venda que beneficia a quen-o paga

"Teoría d'o Nacionalismo Galego,"

Por VICENTE RISCO

Léaa que lle dará luces pr' enxergal-os probremas da nosa Terra

PRECIO: CINCO REAS

Os VINOS do Ribeiro

ARNOYA FINO

Siñifican o máisimun da "delicadeza,"

BODEGAS da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes.-OURENSE